



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

BORRADOR ACTA

SESIÓN DO PLENO DA CORPORACIÓN

No día de hoxe, ás horas, baixo a presidencia da alcaldesa, reúnen-se os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia da secretaria, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión do Pleno da Corporación.

PRESIDE:

MARIA JESUS NOVO GOMEZ

ASISTEN:

PP

LUIS RICO VEREA

ELISARDO MONTERO CASTRO

JESUS ANGEL COSTOYA RUA

ROGELIO SUEIRO CARRO

PSOE

ANA LEDO FERNANDEZ

SANDRA SANCHEZ IÑIGUEZ

BNG

RAQUEL VAL VAZQUEZ

XOSE LUIS RIVAS CRUZ

Non Adscrito

JOSE BALADO CASAL

AUSENCIAS:

PSOE

ABELARDO SEOANE VAZQUEZ

SECRETARIA - INTERVENTORA:

REBECA VAZQUEZ VAZQUEZ

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que a alcaldesa, como Presidenta, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

ORDE DO DÍA

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA.

De conformidade co preceptuado no artigo 91 do R.O.F., a Presidencia pregunta se existe algunha obxección á acta da sesión realizada en data 22/02/2018 e ao non producirse ningunha, a Presidencia somete a votación ordinaria a súa aprobación, da que resulta aprobada por unanimidade dos Sres./Sras. Concelleiros/as con dez votos a favor de tódolos concelleiros /as presentes .

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045
E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es

2.- PROPOSTA MODIFICACIÓN ARTIGO 2 REGULAMENTO FUNCIONAMENTO CENTRO DE DÍA DE BOIMORTO

Pola Secretaria dase lectura á proposta relacionada con este punto da orde do día tal e como se recolle a continuación:

“Visto escrito con entrada no Concello 533 en data 16/03/2018 no que pola Consellería de Política social Secretaría Xeral Técnica Servizo de Inspección de maiores, discapacidade e dependencia se require entre outros aspectos que nas normas de funcionamento do Centro de día se modifiquen as prazas que actualmente están autorizadas despois da última ampliación da Residencia, modificando un artigo pendente que e o artigo 2 para poñer que a capacidade non e de 30 senon de 15 usuarios .

Polo presente propolo que o Pleno municipal ACORDE:

PRIMEIRO.- Modificar o artigo 2 do Regulamento de funcionamento do centro de día da Residencia de Boimorto para que no seu artigo 2 conste como capacidade 15 usuarios .

SEGUNDO .- Continuar coa tramitación do expediente, remitindo Edito ó Boletín Oficial da Provincia, a fin de que, de conformidade co disposto no artigo 49.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, se proceda á información pública e audiencia ós interesados durante o prazo de trinta días hábiles, que comenzarán a contarse a partir do seguinte ó da devandita publicación, inseríndose copia do Edito no taboleiro de anuncios deste concello.

TERCEIRO.- No caso de que se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o citado expediente, procederase á súa resolución, previos os informes oportunos, polo Pleno Corporativo, procedéndose, unha vez resoltas, a aprobación definitiva do expediente e á publicación íntegra do texto do Regulamento no Boletín Oficial da Provincia.

CUARTO- Que no caso de que non se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o expediente, considerárase que o mesmo queda aprobado definitivamente, sen necesidade de acordo posterior, procedendo de seguido á publicación indicada no apartado procedente, de conformidade do disposto no artigo 49.c) da Lei 7/1985, de 2 de abril.”

Explica a Alcaldesa que a parte nova da residencia condicionou a baixada a 15 prazas no centro de día, estando actualmente 12 ocupadas , máis coa nova sala en proxecto poderán outra vez asistir 30.

Sen máis intervencións por maioría absoluta con sete votos a favor (5 dos concelleiros do grupo municipal do PP, un do concelleiro membro non adscrito e dous dos concelleiros do grupo municipal do BNG) así como con dúas abstencións das dúas concelleiras asistentes do grupo municipal do PSdG-PSOE o Peno municipal ACORDOU:

PRIMEIRO.- Modificar o artigo 2 do Regulamento de funcionamento do centro de día da Residencia de Boimorto para que no seu artigo 2 conste como capacidade 15 usuarios .

SEGUNDO .- Continuar coa tramitación do expediente, remitindo Edito ó Boletín Oficial da Provincia, a fin de que, de conformidade co disposto no artigo 49.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, se proceda á información pública e audiencia ós interesados durante o prazo de trinta días hábiles, que comenzarán a contarse a partir do seguinte ó da devandita publicación, inseríndose copia do Edito no taboleiro de anuncios deste concello.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

TERCEIRO.- No caso de que se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o citado expediente, procederase á súa resolución, previos os informes oportunos, polo Pleno Corporativo, procedéndose, unha vez resoltas, a aprobación definitiva do expediente e á publicación íntegra do texto do Regulamento no Boletín Oficial da Provincia.

CUARTO.- Que no caso de que non se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o expediente, considerarase que o mesmo queda aprobado definitivamente, sen necesidade de acordo posterior, procedendo de seguido á publicación indicada no apartado procedente, de conformidade do disposto no artigo 49.c) da Lei 7/1985, de 2 de abril.

3.- PROPOSTA MODIFICACIÓN REGULAMENTO DE FUNCIONAMENTO PAI BOIMORTO .

Pola Secretaria dase lectura á proposta relacionada con este punto da orde do día tal e como segue:

“Visto que a idea de poñer en marcha unha Bebeteca no Concello de Boimorto xurde a raíz da desaparición do servizo de “Preescolar na casa” que utilizaba as antigas escolas unitarias das parroquias para xuntar os nenos/as e as súas familias. O despoboamento e o espallamento da poboación do concello oblíganos, como entidade local, a articular medidas favorecedoras da relación entre os menores de 1 a 7 anos así como ás súas familias.

Os motivos que levaron a poñer en marcha a Bebeteca foron :

- o Ofertar un servizo dirixido ás familias para que os nenos/as, do mesmo concello ou de concellos limítrofes, se socialicen e se relacionen entre eles.
- o Proporcionar un punto de encontro familiar onde compartir e opinar das experiencias educativas.
- o Servir de enlace co Punto de atención á infancia do concello e fomentar a participación dos nenos/as que acuden ó PAI neste proxecto coa idea de que poidan interactuar con outros nenos/as do concello e concellos limítrofes.
- o Promover a participación dos nenos/as cos seus proxenitores en actividades guiadas e estruturadas por un profesional da educación infantil.
- o Servir como medio de canalización das demandas e subxestións das familias no ámbito educativo, familiar e de socialización nun entorno caracterizado pola dispersión e envellecemento poboacional.

Visto o expediente tramitado para modificación do regulamento de organización e funcionamento do PAI para regular este programa de BEBETECA , polo presente propoño que o Pleno municipal acorde unha modificación do Regulamento de organización e funcionamento do PAI engadindo como aspecto parcial un Anexo VII tal e como segue:

ANEXO VII (PROGRAMA BEBETECA DO PAI)

CAPÍTULO I

OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

Artigo 1.- Obxecto e ámbito de aplicación

O presente ANEXO VII ten por obxecto establecer a organización e funcionamento do servizo de Bebeteca ofertado como unha iniciativa que xurde dende o Punto de atención á infancia e enmarcado na estrutura orgánica dos servizos sociais do Concello de Boimorto.

A Bebeteca é un proxecto lúdico-formativo, de xestión municipal dirixido ás familias con menores en idades comprendidas entre 1 a 7 anos que ten como obxectivo principal fomentar a interacción entre pais/nais e nenas/os favorecendo a comunicación, a transmisión de valores e a corresponsabilidade no grupo familiar a través de actividades lúdicas-formativas. Pretendemos crear un espazo agradable e tranquilo favorecedor da imaxinación e creatividade dos nenos/as. Un lugar de encontro onde os máis pequenos poden investigar, xogar e relacionarse con outros nenos/as así como con outros adultos.

Este servizo ofertarase en horario de tarde, durante dous días á semana, para estimular a participación non só dos nenos/as matriculados no PAI senón de todas aquelas familias, sexan ou non do concello, interesadas en participar neste espazo de convivencia común. A persoa responsable colaborará activamente coas familias participantes de cara a xestionar axeitadamente as diferentes dinámicas propostas así como ser un receptor das suxerencias ou demandas procedentes dos pais/nais. Deste xeito, a Bebeteca contribuirá o desenvolvemento nas familias dun interese especial pola educación infantil na familia.

Artigo 2.- Función

A Bebeteca organiza a súas actividades para contribuir á formación e interacción dos pais/nais co obxectivo de axudar a desenvolver plenamente as capacidades dos seus fillos/as nun espazo adaptado ás súas necesidades.

O servizo de Bebeteca ofrecerá unha atención integral a través dun proxecto global que garanta o pleno desenvolvemento físico, intelectual, afectivo, social e moral dos nenos/as participantes e a interacción cos pais/nais nas diferentes dinámicas propostas coa seguinte finalidade:

- Sensibilizar ós pais/nais ou representantes legais para que tomen conciencia da importancia do seu papel como principais educadores dos seus fillos/as.
- Concienciar ás familias acerca do potencial educativo dos seus fillos/as nas primeiras etapas evolutivas e da función que deben desempeñar como medio de canalización, de expresión e reforzo de todas as habilidades que van adquirindo os seus fillos/as.
- Promover a participación dos pais/nais a través de temas de interese demandados polas familias.

CAPÍTULO II

OBXECTIVOS DA BEBETECA

Artigo 3.- Obxectivos

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

Na Bebeteca preténdese traballar diferentes obxetivos coa finalidade de buscar o desenvolvemento global dos nenos/as, por este motivo, trataranse aspectos que teñan que ver cos principais ámbitos de desenvolvemento: social, afectivo, cognitivo, motor e biolóxico.

Desenvolvemento social: supón a adquisición de costumes, roles sociais, normas, coñecementos ... que a sociedade esixe e transmite a través de diferentes axentes sociais: familia, profesores, grupo de iguais, medios de comunicación, xogos e xoguetes.

Desenvolvemento afectivo: aprender a expresar os sentimentos dende idades moi temperás e satisfacer as necesidades afectivas para lograr un desenvolvemento armónico e integral da personalidade.

Desenvolvemento cognitivo: ou pensamento do neno que se manifesta durante os primeiros anos de vida, como por exemplo o egocentrismo, a irreversibilidade, o realismo...

Desenvolvemento motor: referido á evolución do neno/a para realizar determinadas acción e movementos, a representación mental e a conciencia dos mesmos.

Desenvolvemento biolóxico: referido ós cambios físicos que se producen nos primeiros anos de vida dos nenos/as.

Tendo en conta todo isto, os obxetivos que se pretenden conseguir ne Bebeteca son os seguintes:

- Crear un clima agradable para unha boa convivencia entre os pais/nais, nenos/as e o/a Técnico/a Superior de Educación Infantil.
- Ofrecer un lugar especial, de ambiente cálido de estimulación, do xogo e da imaxinación para os nenos/as.
- Favorecer a relación entre os nenos/as, así como entre os proxenitores realizando actividades nas que os adultos participen de forma activa.
- Coñecer as etapas evolutivas dos seus fillos/as, as actividades máis axeitadas e as diferentes maneiras de interacción.
- Promover actividades para adquirir pautas elementais de convivencia e de relación social.
- Facilitar a relación social e polo tanto, o encontro entre os nenos/as do mesmo concello ou de concellos limítrofes: compartir experiencias educativas con outras familias.
- Favorecer, progresivamente, a autonomía en diferentes actividades relacionadas coa lectura, imaxinación, fantasía, motricidade... así como o desenvolvemento de habilidades comunicativas, cognitivas, lingüísticas, sociais e de intelixencia emocional do neno/a.
- Compartir diferentes experiencias no coidado dos nenos/as.
- Favorecer a adquisición progresiva de hábitos de orde, de limpeza e conservación dos materiais.
- Facilitar a integración de nenos/as con necesidades educativas específicas de apoio educativo.
- Inculcar o respecto polas diferencias.



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

- Promover a observación e exploración do entorno familiar, social e natural.
- Favorecer a afectividade entre todos/as.
- Conseguir, progresivamente, a resolución de conflitos por medio de diálogo e negociación.
- Fomentar a importancia de levar unha vida saudable (boa alimentación, hixiene...).

CAPÍTULO III

DEREITOS E DEBERES DOS USUARIOS

Artigo 4.- Dereitos dos usuarios

As unidades familiares participantes nas actividades da Bebeteca terán os seguintes dereitos:

- o A participar nas actividades programadas na Bebeteca sen discriminación por razón de sexo, raza, relixión, ideoloxía ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- o Á consideración no trato debido á dignidade da persoa, tanto por parte do/a técnico/a responsable da Bebeteca como dos demais participantes.
- o Ó sixilo profesional por parte do/a docente das actividades no relativo a datos da súa historia persoal, social ou sanitaria así como comentarios persoais que puideran realizarse no transcurso das sesións (intimidade persoal).
- o A asociarse co obxecto de favorecer a participación dos pais/nais na programación e no desenvolvemento das actividades da Bebeteca.
- o A solicitar información detallada da Bebeteca sempre e cando non entorpezca o normal desenvolvemento da actividade.

Artigo 5.- Deberes dos usuarios/as

Os participantes da Bebeteca teñen as seguintes obrigas:

- o Cumprir as normas establecidas no presente Anexo .
- o Observar unha conducta inspirada no mutuo respecto e tolerancia.
- o Os menores deberán asistir á Bebeteca acompañadas en todo momento por unha persoa adulta: pai/nai/representante legal ou persoa autorizada en quen deleguen esta función.
- o Na Bebeteca, realizaranse as actividades propostas polo educador/a e, na medida do posible, o grupo realizará a mesma actividade quen organizará as sesións tendo en conta as demandas e subxestións recibidas por parte das familias participantes.

CAPÍTULO IV

PARTICIPANTES, PRAZAS E IDADES

Artigo 7.- Participantes, prazas e idades

Á actividade da Bebeteca poderán participar un mínimo de 7 familias e un máximo de 18 familias (determinado por resolución de Alcaldía) con menores en idades comprendidas entre os 1 e os 7 anos independentemente de que estén empadroados no Concello de Boimorto ou de que acudan ó PAI do concello.

Os/as nenos/as que participen na Bebeteca deberán sempre vir acompañados polo seu

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

pai/nai, representante legal ou persoa en quen estes deleguen. Asumirán o control e vixilancia do/a menor durante todo o tempo que dure a actividade así como acatarán as normas establecidas neste regulamento para favorecer o normal desenvolvemento da actividade.

CAPÍTULO V

Dirección coordinación do programa Bebeteca

Artigo 8.- Dirección

Será asumida pola Dirección do PAI que informará da organización e o correcto desenvolvemento das actividades propostas así como analizará a avaliación final do servizo prestado no periodo avaliado. Tamén analizará a acollida entre as familias participantes e as demandas que poidan xurdir e que repercutan no bo funcionamento do servizo.

CAPÍTULO VI

PROCEDIMENTO DE PARTICIPACIÓN, ADMISIÓN, EXCLUSIÓN E LISTA DE ESPERA

Artigo 9.- Solicitud de participación

As familias interesadas en participar na Bebeteca asinarán unha solicitude oficial de participación e presentaranna no Rexistro xeral do concello en horario de oficina e dentro do periodo establecido para tal finalidade.

Unha vez rexistrada a solicitude e informada pola dirección do PAI darase comunicación da súa resolución por escrito, momento no cal poderán incorporarse á actividade.

Artigo 10.- Documentación a presentar coa solicitude

O pai/nai ou representante legal do/a menor presentarán a solicitude para a súa participación achegándose con ela os seguintes documentos:

- o Certificado de empadramento.
- o Fotocopia do DNI do pai/nai ou representante legal.
- o Informe médico: no caso de que o/a menor padecese algún tipo de deficiencia ou enfermidade grave a ter en conta durante o transcurso das actividades, o pai/nai ou representante legal deberán aportar o informe médico de tal condición.
- o En caso de non presentar esta documentación darase un prazo de 10 días para que a aporten o antes posible.
- o A non presentación da documentación en prazo entenderase como renuncia a participar na Bebeteca.

As solicitudes de participación poderanse rexistrar en calquera momento do periodo de desenvolvemento da Bebeteca. En caso de prazas vacantes, estas solicitudes, serán incorporadas previo informe da dirección do PAI ó proxecto, tendo preferencia aquelas familias empadroadas no concello cun empadramento mínimo de 6 meses e un día en segundo lugar respectarase tamén a orde de entrada no Rexistro Xeral do

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045
E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es

Concello.

Artigo 11.- Lista de espera

Formarase unha lista de espera de ter máis solicitudes das que se poden admitir seguindo os criterios do artigo anterior, con proposta da dirección do PAI e aprobada por decreto da Alcaldía.

Artigo 12.- Reclamacións

Os solicitantes poderán efectuar as reclamacións que consideren oportunas no prazo de dez días contados dende a notificación publicación do decreto de admisión así como da lista de espera.

Artigo 13.- Motivo de exclusión da actividade

Para un correcto desenvolvemento do servizo, se unha familia admitida na actividade deixa de asistir á mesma durante dúas semanas de forma continuada e sen causa xustificada, o concello daraa de baixa na Bebeteca. Entenderase causa xustificada cando a familia aporta documentación /solicitudaxeitada que motive a ausencia á actividade. Será emitido informe da dirección do Pai sobre motivación da ausencia. No caso de que unha familia cese na actividade haberá que recurrir á lista de espera para incorporar á nova familia participante.

CAPITULO VII

PREZO DA ACTIVIDADE E BAIAS

Artigo 14.- Prezo da actividade

Non se contempla fixar un prezo a cada familia pola súa participación na Bebeteca namentras exista subvención da Deputación da Coruña ou Xunta de Galicia para o mencionado proxecto e namentras esa subvención sexa orzamentariamente axeitada para o correcto funcionamento das actividades propostas sen prexuízo de que no seu caso poda ser tramitado expediente para establecemento de prezo público que modifique este artigo e regule o sistema de pago e xestión deste ingreso non tributario.

Artigo 15.- Baixas

Causarase baixa na Bebeteca por algunha das circunstancias seguintes:

- 1.- Por incumprimento da idade establecida para participar na Bebeteca.
- 2.- Por solicitude dos pais/nais ou representantes legais.
- 3.- Por inadaptación absoluta no desenvolvemento das actividades programadas.
- 4.- Por falta de asistencia durante dúas sesións continúas sen causa xustificada.
- 5.- Por incumprimento reiterado das normas establecidas neste regulamento de funcionamento.

As baixas resolveranse a proposta e por Resolución de alcaldía.

As baixas producidas por calquera dos motivos anteriormente expostos cubriranse coas solicitudes que estean en lista de espera.

CAPÍTULO VII

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

HORARIOS DE APERTURA DA BEBETECA. METODOLOXÍA DE ACTUACIÓN E NORMAS DE PARTICIPACIÓN.

Artigo 16.- Horarios de apertura da Bebeteca

O servizo da Bebeteca desenvolverase durante 11 meses ó ano, os martes e os xoves de cada semana en horario de 16:45h a 18:15 h, sen prexuízo de variación por resolución da Alcaldía e de acordo coas disponibilidades de recursos humanos e orzamentarios do concello.

O horario e días de actividades da Bebeteca figurarán na páxina web do concello.

Artigo 17.- Metodoloxía de actuación

A Bebeteca contará cun libro de rexistro de familias participantes (ANEXO I) así como dunha ficha familiar (ANEXO II) de cada unha delas onde figurarán os datos máis importantes para unha correcta comunicación da docente coas familias.

Cada sesión, a docente responsable da Bebeteca desenvolverá unha actividade motivadora diferente na que se fomentará a participación e interacción dos país/nais cos seus fillos/as sen olvidar o aspecto lúdico da mesma que propiciará a creatividade dos nenos/as participantes.

As sesións levararanse a cabo os martes e os xoves no horario establecido no artigo 17 deste regulamento.

Para un correcto desenvolvemento da Bebeteca, a educadora propondrá á Comisión de Seguemento a realización de dous grupos coas familias participantes decidindo nunha reunión a admisión ou denegación desta proposta.

As diferentes actividades programadas promoverán a igualdade entre os nenos/as, evítanse comportamentos e actividades discriminatoras por razón de sexo e a integración dos nenos/as con necesidades educativas especiais, sempre e cando se conte con recursos materiais e humanos necesarios.

Estas actividades serán moi diversas e guiadas polo/a educador/a do PAI e outras veces, serán actividades libres.

As familias participantes poderán compartir as súas dúbidas e as súas experiencias educativas en torno ás etapas evolutivas dos seus fillos/as.

É importante a necesidade de involucrar ós país/nais na educación dos seus fillos/as dotándoos da formación necesaria para un axeitado desenvolvemento do seu fillo/a.

Dependendo da actividade programada, o/a educador/a poderá contar co asesoramento e colaboración daquelas persoas do concello que así o precise e cuxo exercicio profesional está relacionado coa programación da Bebeteca.

Os principios metodolóxicos que se terán en conta na Bebeteca serán:

Principio de actividade: o neno/a é o principal protagonista do proceso de ensinanza e o obxectivo fundamental é manter activa a mente do neno/a a través das situacións de aprendizaxe.

Principio de globalización: procedemento didáctico que trata de achegar o neno/a á realidade inmediata e comprendela de forma global realizando actividades que teñan en conta as necesidades e intereses dos nenos/as favorecendo o seu desenvolvemento global.

Principio de individualización e socialización: ó neno/a é un ser diferente e irrepitible e

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045
E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es

cada un ten o seu modo particular de sentir e actuar. Estimularanse climas nos que predominen as técnicas de traballo participativo e colaborativo.

Principio de actividade lúdica: o xogo será o recurso didáctico por excelencia que se utilizará na Bebeteca, é dicir, os nenos/as aprenderán xogando e xogarán aprendendo.

Principio de afectividade: o fio conductor da Bebeteca será a afectividade. Os nenos/as deben sentirse seguros e construír coñecementos a partir da formación dunha autoimaxen positiva.

Artigo 18.- Normas de participación

- o É imprescindible a presenza e adicación constante dunha persoa adulta co menor.
- o Non prolongar a estancia máis tempo do que o neno/a sexa capaz de manter a atención. Recoméndase que as sesións non se prolonguen máis dunha hora e media.
- o Os pais/nais terán a capacidade de propoñer sesión máis curtas si se observan síntomas de impaciencia ou cansancio nos nenos/as.
- o Que os nenos/as perciban unha actitude de implicación dos pais/nais nas actividades.
- o Que os nenos/as e as súas familias compartan este espazo de convivencia dunha forma respetuosa.
- o Ós nenos/as participantes na actividade da Bebeteca deberán acudir en condicións de saúde e hixiene que non impliquen risco para si mesmos nin para outros/as nenos/as.
- o Non serán admitidos na Bebeteca os nenos/as que padezan enfermidades infectocontaxiosas que deberán ser comunicadas polos pais/nais ou representantes legais á docente responsable da Bebeteca.
- o Os pais/nais e titores poñerán en coñecemento da responsable da Bebeteca calquera circunstancia persoal do neno/a que esixa unha especial atención por parte de todas as familias participantes así como do persoal docente da mesma.

CAPÍTULO VIII

PERSOAL DE ATENCIÓN

Artigo 19.- Persoal de atención.

A Bebeteca intégrase dentro da estrutura orgánica dos Servizos sociais do Concello e parte como unha iniciativa do Punto de atención á infancia do Concello de Boimorto. Contará cunha persoa responsable especializada para a atención directa a nenos/as, membro do equipo do PAI que baixo a dirección do/a director/a do PAI desempeñará as seguintes funcións:

- o Executar o proxecto lúdico-educativo para a Bebeteca elaborado por dirección.
- o Desenvolver as actividades programadas na Bebeteca podendo contar co apoio e colaboración do persoal técnico do concello.



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

- o Dialogar coas familias durante o desenvolvemento do proxecto para recoller as demandas e suxerencias aportadas por estas e que poidan beneficiar o bo funcionamento da Bebeteca.
- o Apoiar en colaboración coas familias a adquisición de hábitos saudables para os nenos/as.
- o Colaborar coa directora do PAI na avaliación de forma periódica o funcionamento da bebeteca e realizar unha memoria anual das actividades realizadas.
- o Calquera outra función que fose necesario realizar para o bo funcionamento da Bebeteca por orde da Alcaldía.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

Esta modificación do regulamento de organización e funcionamento do PAI entrará en vigor unha vez publicado no Boletín Oficial da Provincia e unha vez transcorrido o prazo ó que se refire o artigo 70.2 en relación co artigo 65.2 da Lei 7/85, reguladora de bases de réxime local, modificada pola Lei 11/1999, do 21 de abril, e comezará a aplicarse a partir do día seguinte, permanecendo vixente ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

Contra esta modificación poderá interponerse recurso contencioso administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ó da publicación no Boletín Oficial da Provincia.

ANEXO I: REXISTRO FAMILIAR DE PARTICIPANTES

<i>Pai/Nai/ Representante legal</i>	<i>Menor/es</i>	<i>Data de alta</i>	<i>Data de baixa</i>

ANEXO II: FICHA FAMILIAR

Datos do neno/a que participa na Bebeteca

Nome:

Apelidos:

Data de nacemento:

Datos familiares

Nome e apelidos do pai:

o Data de nacemento:

o Profesión:

o Enderezo:

o Teléfono fixo/móvil:

Nome e apelidos da nai:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

- o *Data de nacemento:*
- o *Profesión:*
- o *Enderezo:*
- o *Teléfono fixo/móvil:*

Outros membros da familia:

Boimorto, de de 201....

Polo presente propoño que o Pleno municipal ACORDE:

PRIMEIRO.- Modificar o Regulamento de organización e funcionamento do PAI tal e como se redacta nos considerandos desta proposta engadindo un ANEXO VII que regula o programa da BEBETECA.

SEGUNDO.- Continua-la tramitación do expediente, remitindo Edicto ó Boletín Oficial da Provincia, a fin de que, de conformidade co disposto no artigo 49.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, se proceda á información pública e audiencia ós interesados durante o prazo de trinta días hábiles, que comenzarán a contarse a partir do seguinte ó da devandita publicación, inseríndose copia do Edicto no taboleiro de anuncios deste concello.

TERCEIRO.- No caso de que se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o citado expediente, procederase á súa resolución, previos os informes oportunos, polo Pleno Corporativo, procedéndose, unha vez resoltas, a aprobación definitiva do expediente e á publicación íntegra do texto da Ordenanza no Boletín Oficial da Provincia.

CUARTO.- Que no caso de que non se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o expediente, considerase que o mesmo queda aprobado definitivamente, sen necesidade de acordo posterior, procedendo de seguido á publicación indicada no apartado precedente, de conformidade do disposto no artigo 49.c) da Lei 7/1985, de 2 de abril.

En Boimorto 23 de abril de 2018

A Alcaldesa:

Asdo.- M.^a Jesús Novo Gómez”

A Alcaldesa sinala a necesidade de regulación deste servizo e dalle a palabra á voceira do grupo municipal do PSdG-PSOE que expón, que dubida sobre a que obedece esta regulación, que si se trata de manter un regulamento e é necesaria a regulación o voto do seu grupo será a favor, remata sinalando que a Bebeteca non xurde do PAI sen máis xurde das iniciativas do grupo de goberno dese momento.

Sen máis intervencións por unanimidade con dez votos a favor (5 dos concelleiros do grupo municipal do PP, un do concelleiro membro non adscrito, dous dos concelleiros do grupo municipal do BNG e dous das concelleiras presentes do grupo municipal do PSdG-PSOE) o Pleno municipal ACORDOU:

PRIMEIRO.- Modificar o Regulamento de organización e funcionamento do PAI tal e como se redacta nos considerandos desta proposta engadindo un ANEXO VII que regula o programa da BEBETECA.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045
E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es

SEGUNDO.- Continua-la tramitación do expediente, remitindo Edicto ó Boletín Oficial da Provincia, a fin de que, de conformidade co disposto no artigo 49.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, se proceda á información pública e audiencia ós interesados durante o prazo de trinta días hábiles, que comenarán a contarse a partir do seguinte ó da devandita publicación, inseríndose copia do Edicto no taboleiro de anuncios deste concello.

TERCEIRO.- No caso de que se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o citado expediente, procederase á súa resolución, previos os informes oportunos, polo Pleno Corporativo, procedéndose, unha vez resoltas, a aprobación definitiva do expediente e á publicación íntegra do texto da Ordenanza no Boletín Oficial da Provincia.

CUARTO.- Que no caso de que non se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o expediente, considerárase que o mesmo queda aprobado definitivamente, sen necesidade de acordo posterior, procedendo de seguido á publicación indicada no apartado procedente, de conformidade do disposto no artigo 49.c) da Lei 7/1985, de 2 de abril.

4.-PROPOSTA APROBACIÓN PROXECTO MODIFICADO REFORMA DE LA CALLE GÁNDARA Y SUMINISTRO DE MOBILIARIO URBANO

Pola Secretaria dase lectura á proposta da Alcaldía relacionada con este punto da orde do día que se transcribe a continuación:

“Visto mail enviado pola Xefatura de plans especiais da Deputación Provincial de A Coruña á secretaría interventora en data 20/04/2018 no que se solicita en relación có proxecto técnico da obra Reforma de la calle Gándara y suministro de mobiliario urbano cun orzamento de execución por contrata de 210.625,24€ (obra incluída no POS + 2018 Plan único dos Concellos) modificación para que se aplique tamén o capítulo 2 de suministro mobiliario urbano a porcentaxe de gastos xerais e beneficio industrial , vista a necesidade de aclarar tamén que na partida mobiliario urbano 1.4.2 suministro e colocación de papelería o total de unidades son tres, e sendo necesario modificar tamén o resumo do orzamento manténdose o rozamento de execución por contrata con iva en 210.625,23 dos que en execución material a contía e 146.277,68 , o 13% de gastos xerais ascende a 19.016,10€ , o 6% de beneficio industrial ascende a 8.776,66€ facendo un orzamento de execución jpor contrata sen iva de 174.070,44 e sendo o iva de 36.554,79€.

Visto o proxecto rectificado nos termos expostos polo presente propoño que o Pleno municipal ACORDE:

PRIMEIRO.- Aprobar o modificado do proxecto de obra Reforma de la calle Gándara y suministro de mobiliario urbano cun orzamento de execución por contrata con iva de 210.625,24€ modificado 01 asinado por Manuel CARRO López arquitecto colexiado nº 2974 do COAG o 23/04/2018 coas modificacións indicadas nos considerandos deste acordo.

SEGUNDO.- Certificado deste acordo se remita á Excmá Deputación Provincial de A Coruña sección de plans especiais os efectos oportunos.

Explica a Alcaldesa os cambios no proxecto.

A Alcaldesa indica que é necesario adaptar o prezo dos subministros previstos na obra e aplicarles gastos xerais e beneficio industrial, así como rectificación de número de papeleiras na unidade 1.4.2 tres papeleiras, o que se contempla no proxecto modificado que consta no expediente.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

Sen máis intervencións con seis votos a favor (cinco dos concelleiros do grupo municipal do PP e un do membro non adscrito e catro en contra dos das dúas concelleiras do presentes do grupo municipal do PSdG-PSOE e dos dous concelleiros do grupo municipal do BNG) o Pleno municipal **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Aprobar o modificado do proxecto de obra Reforma de la calle Gándara y suministro de mobiliario urbano cun orzamento de execución por contrata con ive de 210.625,24€ modificado 01 asinado por Manuel Carro López arquitecto Colexiado nº 2974 do COAG o 23/04/2018 coas modificacións indicadas nos considerandos deste acordo.

SEGUNDO.- Certificado deste acordo se remita á Excmá Deputación Provincial de A Coruña sección de plans especiais os efectos oportunos.

5.- PROPOSICIÓN APROBACIÓN CONVENIO PARA OUTORGAMENTO DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA CLUBE DE FÚTBOL DE BOIMORTO

Signala a Secretaría o tema da proposición e a necesidade de aceptación da urxencia deste punto da orde do día sen ditaminar por comisión informativa. Por unanimidade con dez votos a favor dos dez concelleiros/as presentes na sesión acéptase a urxencia e tratamento deste punto sen ditaminar.

Pola Secretaria dase lectura á proposición tal e como segue:

“Vista a solicitude de subvención de data 31/01/2018 con rexistro de entrada en data 20/04/2018 nº796. na que Roberto Costoya Castelo en representación do Clube de fútbol de Boimorto con CIF G 15125768 solicita concesión dunha axuda conómica por parte do Concello de Boimorto de 8.000€ para gastos da tempada 2017/2018, así como documentación que acompaña dita solicitude e expediente tramitado destacando informe do Técnico Deportivo D. César Buján Barral motivando a concesión de subvención nominativa de data 20/04/2018 e informe de secretaria intervención de data 20/04/2018 sobre a existencia de crédito e a normativa aplicable ó expediente de outorgamento de subvención nominativa.

Considerando que se dan razóns suficientes de interese público que xustifican o outorgamento de subvención nominativa (exceptuando os principios de concorrencia, publicidade igualdade e non discriminación na tramitación deste expediente artigos 22.2 da Lei Xeral de Subvencións e 65 a 67 do Regulamento sendo promotor do Club de fútbol maioritariamente xuventude de Boimorto e o interese e a repercusión pública e social que supón o ascenso a preferente Norte sen que por concorrencia puidese conseguir outra entidade sen ánimo de lucro de Boimorto esta relevancia no Concello e no ámbito autonómico a que outorgar esta subvención) .

Estando sen dictaminar este acordo por comisión informativa solicítase a aceptación de urxencia deste acordo polo Pleno municipal para poder executar gastos subvencionados con crédito existente nesta anualidade.

Proponse que o Pleno municipal **ACORDE:**

PRIMEIRO.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais indicadas nos considerandos deste decreto que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

outorgamento da subvención non sendo posible promover a concorrência publicidade non existindo neste termo municipal outro clube de fútbol con esta posibilidade de ascenso e tendo en conta o que conleva dito ascenso en relación a súa vinculación con este termo municipal .

SEGUNDO.- Aprobar a subscrición dun convenio co Club de fútbol de Boimorto con CIF G-15125768 correspondente á subvención nominativa concedida para financiar os gastos de mantemento do equipo na categoría preferente Norte 2017, por importe de 8.000 €, co texto de convenio que se adxunta o seguinte acordo tal e como segue

CONVENIO SUBVENCIÓN NOMINATIVA CLUB FÚTBOL DE BOIMORTO 2018

"Convenio entre CONCELLO DE BOIMORTO e o Club de fútbol de Boimorto con CIF G-15125768 para financiar os gastos de mantemento do equipo de fútbol na categoría preferente Norte 2017"

Na Casa Consistorial do Concello de Boimorto da Coruña REUNIDOS:

D^a M^a Jesús Novo Gómez, Alcaldesa do Concello de Boimorto con DNI nº 44814623C

D. Roberto Costoya Castelo, Presidente do Club de fútbol de Boimorto con DNI nº 78798631X

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas MANIFESTAN que o Club de fútbol de Boimorto con CIF G-15125768 no mes de maio 2017 ascendeu a preferente Norte, potenciando a repercusión pública e social para o Concello de Boimorto e, comprometido coa difusión do deporte no medio rural fomentando dito deporte como espazo de ocupación do tempo libre e de oportunidades entre a xuventude do Concello, dando visibilidade provincial e incluso autonómica do equipo de fútbol, chegando a ser incluso reactivador da actividade económica do Concello de Boimorto.

O Concello de Boimorto e competente para a colaboración prevista neste convenio, , de conformidade coa Lei de Bases de Réxime Local 7/85 de 2 de abril artigo 25.2l), tendo en conta como competencias propias ó amparo da lexislación sectorial autonómica en materia de deporte a competencia local para promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre e que o fomento e apoio a este Club de fútbol entra dentro do exercicio de ditas competencias propias municipais considerando a relevancia da celebración das competicións deportivas na categoría preferente Norte ano tras ano neste termo municipal no que participan veciños/as e equipos e asociacións deste termo municipal.

Dado o interese coincidente do Concello co Club de fútbol de Boimorto, ambas partes ACORDAN Formalizar o presente convenio de colaboración conforme a as seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre el Concello de Boimorto e o Club de fútbol de Boimorto para subvencionar os gastos de mantemento do equipo na anualidade 2018 (gastos tempada 2017/2018) .

II.- PRESUPUESTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR POLA ENTIDADE BENEFICIARIA o Club de fútbol de Boimorto sen ánimo de lucro levará a cabo as actividades programadas conforme co seguinte presuposto:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

ORZAMENTO ESTIMADO DE INGRESOS E GASTOS

* INGRESOS PREVISTOS

FONDOS PÚBLICOS	11.220
COPA DEPUTACIÓN DA CORUÑA	720
DEPORTES DEPUTACIÓN DA CORUÑA	2.500
CONCELLO DE BOIMORTO	8.000
FONDOS PRIVADOS	2.895,39
SOCIOS E PUBLICIDADES	2.895,39
TOTAL INGRESOS	14.115,39

* GASTOS PREVISTOS

CONCEPTO	IMPORTE
- Desprazamentos a adestramentos e competicións	1.200
- Licenzas mutualidade Federación Galega de Fútbol tempada 17/18	3.100
- Compras de bens destinados ás actividades- Roupa deportiva equipación	2.420,39
- Dereitos de arbitraje para partidos e campionatos	5.795
- Seguro de responsabilidade civil	400
- Dietas (gastos de manutención)	1.200
IMPORTE TOTAL GASTOS	14.115,39

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

III.- FINANCIACIÓN MUNICIPAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. O Concello de Boimorto (A Coruña) contribuirá ó financiamento da actividade, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 8.000 €, o que representa unha porcentaxe de 56,67. No caso de que o gasto xustificado non alcanzase o importe total previsto na cláusula segunda, o Concello só aportará o importe que represente o 56,67% da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata conseguir o importe total do presuposto da actividade, está financiado con cargo a recursos (proprios ou alleos) .
2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ó 75 por cento do presuposto previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e se perderá o dereito ó seu cobro.
3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 340.48100 Deportes a familias e institucións sen ánimo lucro na que a Secretaria Interventora municipal certificou que existe crédito suficiente sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito.
4. A subvención do Concello é compatible coa percepción de outras subvenciones ou axudas, públicas ou privadas, para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto co da subvención municipal, non supere en ningún caso o importe total del gasto efectivamente xustificado.
5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega municipal no importe necesario para darlle estrito cumprimento ó apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministros necesarios para a execución da actividade corresponderalle ao Club de fútbol de Boimorto Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas ao Club, nin con calquera outra na que conorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 de la Lei 38/2003, del 17 de novembro, Xeneral de Subvenciones.
2. Se o importe dalgunha das prestacións superase os 18.000 euros, con carácter previo á contratación, o Club deberá solicitar polo menos tres presupostos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.
3. No caso de que o Club de fútbol de Boimorto tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle ó Concello un exemplar do proxecto modificado.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO MUNICIPAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento do Concello de Boimorto.
2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

desta obrigación.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA MUNICIPAL.

A achega do Concello seralle aboada ao Club unha vez que se presente a seguinte documentación:

.-Memoria de actuación final , subscrita polo representante legal. xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

.-Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsada deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada polo Concello de Boimorto.

.- Acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.

.- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

.-Certificación da conta bancaria.

.-Deputación. Proba do cumprimento das obrigacións asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento municipal.

VII.- TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento municipal, tal como están descritas na cláusula primeira realizáranse na tempada 2017/2018.

2. Unha vez finalizadas as actividades, o Club deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do 30 de novembro de 2018.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de Subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este último prazo sen que se recibiu xustificación algunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento ao Club para que a presente no prazo improrrogable de quince días. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable respecto diso. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Club da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de Subvencións poida corresponderlle.

4. O abono da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Club de fútbol de Boimorto na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, o Club de fútbol de Boimorto terá dereito ao abono dos intereses de demora, ao tipo de interese legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pago.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGACIÓNS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. O Club de fútbol de Boimorto deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigacións tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña co Concello de Boimorto e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento das devanditas obrigacións poderá realizarse mediante declaración responsable expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando ó Concello para que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias co Concello será determinada por este de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O Club de fútbol de Boimorto destinará os fondos recibidos ao pago dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pago deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, cartón de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente poderase realizar o pago en metálico para gastos de ata 300,00 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.
3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o Club de fútbol de Boimorto deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagos nos que se inclúan, entre outros, os relativos ós gastos xustificadas e ós ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. A realización dun control financeiro sobre a subvención paga, ten como finalidade acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigacións formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2. Simultaneamente, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Club de fútbol de Boimorto queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de enxuzamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obrigación de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos intereses de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045
E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es

887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, devandito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas

XII.- INCORPORACIÓN Ó REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, Xeneral de Subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Club de fútbol de Boimorto serán remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no devandito precepto.

2. Simultaneamente, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o Concello remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de subvencións, a concesión da subvención ao Club de fútbol de Boimorto será publicada .

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo ós efectos de imputación dos gastos e abarcará os devengados dende maio 2017 a xuño 2018, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á devandita data e conservará a súa vixencia ata o día 31 de decembro de 2018, todo isto condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente.

2. Para o caso de que o Club de fútbol de Boimorto non poida ter presentada a xustificación antes do día 30 de novembro de 2018, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que o Concello poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, o Concello poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de decembro de 2018. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de forma que o Club de fútbol de Boimorto perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada en dita data

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as partes e despois dos informes pertinentes de Secretaría Intervención , o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, Xeneral de Subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle á Alcaldía , logo dos informes previos preceptivos de Secretaria Intervención

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045
E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es

3. Corresponderanlles ós órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir a consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____. E en proba de conformidade, asinan un exemplar cuadruplicado do presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.”

Boimorto, 23 de abril de 2018

A alcaldesa - presidenta”

Pola Alcaldesa explícase esta proposición e a motivación do outorgamento de subvención nominativa prevista no orzamento.

Por unanimidade con 10 votos a favor de tódolos concelleiros/as presentes de tódolos grupos municipais e do membro non adscrito o Pleno municipal **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais indicadas nos considerandos deste decreto que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención non sendo posible promover a concorrencia publicidade non existindo neste termo municipal outro clube de fútbol con esta posibilidade de ascenso e tendo en conta o que conleva dito ascenso en relación a súa vinculación con este termo municipal .

SEGUNDO.- Aprobar a subscrición dun convenio co Club de fútbol de Boimorto con CIF G-15125768 correspondente á subvención nominativa concedida para financiar os gastos de mantemento do equipo na categoría preferente Norte 2017, por importe de 8.000 €, co texto de convenio que se adxunta o seguinte acordo tal e como segue (**SEGUNDO O TEXTO REFLEXADO NOS CONSIDERANDOS DESTE ACORDO**).

6.- PROPOSICIÓN DA ALCALDIA PARA APROBACIÓN ORDENANZAS CON BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS 2018 INCENTIVOS NATALIDADE E EMERXENCIA SOCIAL .

Pola Secretaría dase lectura á proposición relacionada con este punto da orde do día tal e como segue cuxo tratamento sen dictaminar e aceptado:

“VISTAS as Ordenanzas con bases reguladoras para a concesión de subvencións para incentivar a natalidade así como outorgamento de axudas de emerxencia social que constan en expedietne e teñen por obxecto regular a convocatoria e bases para a concesión de axudas destinadas a incentivo da natalidade, e axudas de emerxencia social , co fin de incentivar a natalidade e axudar no marco das competencias en servizos sociais os veciños en situación de emerxencia social.

VISTO que a actual Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, aplicable ás Corporacións Locais, establece que a competencia para conceder subvencións nas CCLL



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

corresponde ós órganos que teñan atribuídas tales funcións na lexislación de réxime local.; e que con carácter previo ó outorgamento de subvencións deberán aprobarse as normas que establezan as bases reguladoras de concesión nos termos establecidos na Lei; engadindo que as bases reguladoras das subvencións nas CCLL deberanse aprobar no marco das bases de execución do presuposto, a través dunha Ordenanza xeral de subvencións ou mediante unha Ordenanza específica para as distintas modalidades de subvencións, remitindo polo tanto ó establecido no artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, no Regulamento de servicios das corporacións locais, e na Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia. Visto informe de secretaría intervención de data 20/04/2018.

Considerándose as Ordenanzas específicas son instrumento normativo máis axeitado para a súa regulación, e vistos os proxectos de regulamentación que constan no expediente propono que o Pleno municipal adopte o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Derrogar as bases específicas para o outorgamento de subvencións na anualidade 2018 para incentivos á natalidade e emerxencia social e ratifica-lo contido íntegro do expediente, e na súa consecuencia, aprobar inicialmente as Ordenanzas específicas reguladoras das Bases de concesión de axudas destinadas para incentivo da natalidade, e axudas de emerxencia social que se transcriben como anexo á presente proposta.

SEGUNDO.- Continua-la tramitación do expediente, remitindo Edicto ó Boletín Oficial da Provincia, a fin de que, de conformidade co disposto no artigo 49.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, se proceda á información pública e audiencia ós interesados durante o prazo de trinta días hábiles, que comenzarán a contarse a partir do seguinte ó da devandita publicación, inseríndose copia do Edicto no taboleiro de anuncios deste concello.

TERCEIRO.- No caso de que se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o citado expediente, procederase á súa resolución, previos os informes oportunos, polo Pleno Corporativo, procedéndose, unha vez resoltas, a aprobación definitiva do expediente e á publicación íntegra do texto da Ordenanza no Boletín Oficial da Provincia.

CUARTO.- Que no caso de que non se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o expediente, considerase que o mesmo queda aprobado definitivamente, sen necesidade de acordo posterior, procedendo de seguido á publicación indicada no apartado precedente, de conformidade do disposto no artigo 49.c) da Lei 7/1985, de 2 de abril.

ANEXO

ORDENANZA ESPECÍFICA REGULADORA DAS BASES DA CONVOCATORIA DE AXUDAS MUNICIPAIS PARA O APOIO Á NATALIDADE.

1.-**OBXECTO.** O obxecto das medidas contempladas nas presentes bases será, por un lado, establecer medidas complementarias de apoio ás unidades familiares do concello de Boimorto e por outro, deseñar mecanismos que axuden a fixar a poboación no concello evitando así o despoboamento que ven sufrindo.

2.-**REQUISITOS DOS BENEFICIARIOS.**

Serán beneficiarios/as destas axudas os pais/nais que estén empadroados en Boimorto



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

que teñan ou adopten un fillo/a no período comprendido entre o 30 de novembro de 2017 e o 30 de novembro de 2018 e cumpran os seguintes requisitos:

- Os pais, ou polo menos, un deles, deberán estar empadroados no concello de Boimorto cunha antelación mínima á data do parto ou adopción de 6 meses.
- Os nenos/as nados, ou adoptados, deberán inscribirse no padrón de habitantes do concello de Boimorto.
- O pai/nai ou ámbolos dous deberán comprometerse a seguir empadroados no concello, tanto eles como os nenos/ as nados nesas datas, por un período mínimo de catro anos dende o nacemento ou adopción.
- O empadroamento suporá a residencia efectiva, polo que tanto os beneficiarios como os seus fillos, deberán vivir habitualmente en calquera das parroquias do concello de Boimorto. Esta circunstancia poderá ser comprobada en calquera momento polo Concello solicitando os informes que procedan.

3.–TIPOS E CUANTIAS DAS AXUDAS.

–As axudas serán como máximo de 400 euros por cada fillo nacido ou adoptado entre o 30 de novembro de 2017 e o 30 de novembro de 2018.

- No caso de que o fillo/a nacido ou adoptado sexa o segundo fillo/a a axuda será como máximo de 500 euros

–No caso de nacementos ou adopcións de fillos con algunha minusvalía recoñecida nun grao igual ou superior ó 33%. ou no caso de partos múltiples a cuantía da axuda poderá chegar a 700 euros.

4.–FORMA E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN DA AXUDA.

As solicitudes das axudas reguladas na presente convocatoria, cubertas no modelo normalizado habilitado para tal fin (anexo I) presentaranse no rexistro xeral do Concello de Boimorto. As solicitudes deberán ir acompañadas, inexcusablemente da seguinte documentación (orixinal ou copia compulsada):

- Certificado de padrón e convivencia da unidade familiar, expedido polo Concello, donde figure a data de alta no padrón de habitantes.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045
E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es

- Fotocopia compulsada do libro de familia e do DNI do solicitante.
- Copia do auto xudicial de adopción de selo caso.
- Declaración xurada das axudas solicitadas ou recibidas pola mesma finalidade.
- Compromiso de seguir empadroados no concello de Boimorto por un período mínimo de catro anos.
- Compromiso de proceder á devolución da axuda no caso de deixar de cumprir algún dos requisitos necesarios para ser beneficiario da mesma, ou ben cando sexa probado por parte do Concello que non se cumpre algún dos mencionados requisitos.
- Certificación dos datos bancarios donde se pretenda recibir o importe da axuda.

Prazo: O prazo de presentación de solicitudes será desde o día seguinte ó que se produxo o nacemento ou adopción e finalizará o 1 de decembro de 2018.

5.-ÓRGANOS DE RESOLUCIÓN E PRAZO DE NOTIFICACIÓN.

-A resolución do expediente, previa emisión dos informes que procedan polo departamento de servizos sociais, competirá á Xunta de Goberno Local

-O prazo para resolver será DUN MES desde a presentación da solicitude no rexistro xeral do Concello. Transcorrido o devandito prazo sen que se ditase resolución expresa, poderá entenderse desestimada a concesión da axuda ou subvención.

6.-COMPATIBILIDADE CON OUTRAS AXUDAS. A axuda contemplada nas presentes bases será compatible con calquera outra axuda coa mesma finalidade que poidan obterse doutros organismos públicos.

7.-FINANCIACIÓN. As accións incluídas nesta convocatoria financiaranse con cargo á asignación orzamentaria 231.48000 do orzamento municipal para o 2018 ata un total de 5.000 euros para o exercicio.

8.-NORMATIVA SUPLETORIA. En todo o non previsto nestas bases, aplicarase o disposto nas Bases de execución do orzamento xeral do Concello de Boimorto para o 2018, e nas normas legais e regulamentarias de aplicación, Lei 38/2003, do 17 de

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045
E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es

novembro, xeral de subvencións e no RD 887/2006 de 21 de xullo polo que se aproba o regulamento da lei xeral de subvencións e demais normativa de réxime local aplicable.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA Quda derrogada a ordenanza con bases específicas para o outorgamento destas subvencións de axuda á natalidade do ano 2017.

DISPOSICIÓN FINAL Esta ordenanza entrará en vigor unha vez publicada no Boletín Oficial da Provincia e unha vez transcorrido o prazo ó que se refire o artigo 70.2 en relación co artigo 65.2 da Lei 7/85, reguladora de bases de réxime local, modificada pola Lei 11/1999, do 21 de abril, e comezará a aplicarse a partir do día seguinte, permanecendo vixente ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa. Contra esta ordenanza poderá interponerse recurso contencioso administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ó da publicación no Boletín Oficial da Provincia.

ANEXO I

AXUDAS PARA APOIO Á NATALIDADE

Nome e apelidos do solicitante:

DNI n.º:

Enderezo:

Teléfono:

Datos do cónxuxe ou parella (se é o caso)

Nome e apelidos:

DNI n.º:

Datos do fillo/a:

Nome e apelidos:

Data de nacemento ou adopción:

DATOS BANCARIOS:

- Caixa ou banco:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

- Sucursal:

- N.º conta (con tódolos díxitos):

- Titular:

DNI:

Boimorto, ... de ... do ...

Sinatura do solicitante ou persoa que o representa

ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE BOIMORTO

COMPROMISO DE EMPADROAMENTO E DEVOLUCIÓN DA AXUDA POR INCUMPLIMENTO DALGUN REQUISITO

Don/a con DNI n.º e domicilio en
.....

COMPROMÉTOME:

– A seguir empadroado e con residencia efectiva, tanto eu como o meu fillo e o meu cónxuxe ou parella, no Concello de Boimorto por un período mínimo de catro anos.

– Á devolución desta axuda por si se incumprira algún dos requisitos esixidos para a súa concesión.

Boimorto, de do

Asdo.:

DECLARACIÓN XURADA

Don/a, con DNI n.ºe domicilio en
.....

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

DECLARO BAIXO XURAMENTO:

----- Que non teño nin solicitada, nin recibida, nin pendente de resolución ningunha outra axuda pola mesma finalidade en ningunha administración pública ou organismo competente.

----- Que teño solicitada, e / ou recibida, ou pendente de resolución axuda pola mesma finalidade coas seguinte identificación: -----

Así o fago constar donde conveña.

Boimorto, de do

ORDENANZA ESPECÍFICA REGULADORA DAS BASES DA CONVOCATORIA DE AXUDAS MUNICIPAIS DE EMERXENCIA SOCIAL

Artigo 1. – Obxecto:

Constitúe o obxecto desta ordenanza o outorgamento dunha prestación non periódica de carácter económico destinada a sufragar gastos específicos de carácter extraordinario necesarios para previr, evitar ou paliar situacións carenciais, urxencias sociais ou situacións de marxinación social.

Artigo 2. - Tipos de beneficiarios/as:

Poderán ser beneficiarios/as destas axudas as persoas físicas, do Concello de Boimorto, elas mesmas ou a súa unidade familiar que reúnan os requisitos que se mencionan no apartado seguinte.

Enténdese por unidade familiar a formada por máis de unha persoa cuxos membros, convivan no mesmo domicilio.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045
E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es

Artigo 3. - Requisitos dos beneficiarios/as:

- Ser maior de idade ou menor emancipado.
- Estar empadroadado no Concello de Boimorto de forma ininterrompida polo menos cun ano de antigüidade. Excepcionalmente poderán ser beneficiarias, logo de informe dos técnicos municipais de servizos sociais, aquelas persoas que carecendo deste tempo de empadroamento en Boimorto a súa situación de urxencia social faga necesaria esta axuda.
- Acreditar a situación de necesidade.
- Achegar a documentación requirida en cada caso.
- Aceptación expresa, por parte da persoa usuaria, das condicións que figuran no deseño de intervención social.
- Acreditar mediante documento de declaración responsable de estar ao corrente das obrigas fiscais e coa Seguridade Social, así coma a declaración xurada ou promesa na que se faga constar que non se recibiu doutros organismos, e para a mesma finalidade, a axuda solicitada

Artigo 4. - Tipos de axudas:

Necesidades básicas non cubertas por outros sistemas de protección:

a) Cobertura de necesidades básicas con carácter xeral: · Alimentos, vestiario, aloxamento e demais indispensables para o desenvolvemento da vida diaria. · Gastos sanitarios: próteses oculares, prótese e arranxos dentais e gastos farmacéuticos e outros de análoga natureza que non poidan ser realizados pola seguridade social

b) Axudas de uso e mantemento de vivenda: Fianzas para alugueres de vivendas. Importes pendentes para evitar o desafiuzamento. Pequenos arranxos na vivenda habitual cando estes se consideren imprescindibles para a permanencia no domicilio. Limpezas e desentullos en vivendas.

c) Axudas para arranxo por incendio ou catástrofes naturais que afecten gravemente á vivenda

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

d) Situacións especiais sobrevidas por causa do padecemento dalgunha enfermidade grave que implique traslados, tratamentos, axudas técnicas ou calquera outra necesidade que requira gastos adicionais ós do sistema público de saúde.

d) Outros gastos excepcionais, valorados polas persoas técnicas municipais de servizos sociais como indispensables para previr a marxinação e favorecer a normalización de individuos e familias.

e) Desenvolvemento de actividades de inserción socio- laboral tales como:

- Asistencia a cursos de formación: matrículas, material e transporte

- Atención ao menor: Actividades extraescolares, Libros e material escolar

Artigo 5. - Criterios xerais para a concesión das axudas

Para a concesión de axudas económicas haberanse de cumprir os seguintes criterios xerais:

a) Situacións acreditadas de necesidade.

b) Que a necesidade obxecto da axuda estea valorada por unha persoa técnica de servizos sociais e integrada nun proceso de intervención social.

c) O pagamento da axuda efectuarase á entidade ou profesional que presta o servizo, cabendo a excepción deste requisito en casos moi xustificados e debidamente salientados no expediente que poderán ser aboadas á persoa solicitante.

Artigo 5. – Criterios de Valoración

Para a concesión da axuda de emerxencia social teranse en conta os seguintes indicadores:

a. Indicador económico: Con carácter excluínte. Carecer de ingresos anuais superiores ao IPREM que se fixe anualmente, incrementado nun 15% por cada un dos membros da unidade familiar. Para os efectos do cómputo dos ingresos para o recoñecemento da prestación, terase en conta a base imponible da última declaración da Renda das persoas físicas, previa aplicación ao mínimo persoal e familiar do imposto; e cando non sexa obrigatorio realizala, acreditará ingresos anuais inferiores ao límite establecido a través de nóminas, certificados do INEM, certificados da Seguridade Social sobre vida laboral ou

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

percepción de pensións, certificación de xuros bancarios e os últimos movementos bancarios e calquera outra que se considere necesaria para acreditar os recursos económicos familiares. Computaranse como recursos a totalidade de ingresos que se obteñan polos conceptos de rendemento de traballo, retribucións, renda, prestacións nos 6 meses anteriores á data da solicitude. Descontarase o gasto de vivenda: alugueiro ou hipoteca, até un máximo de 350 €/mes. No suposto de que sexa unha familia monoparental con máis de un menor a cargo, ou con persoa con eivas ou dependente a cargo, incrementarase nun 0,8 o número de persoas computábeis.

b. Situacións de risco e/ou exclusión social. Valoraranse as situacións de desatención ou problemas de conduta nos menores que integran a unidade familiar; situacións carencias ou de conduta desarraigada que afectan aos proxenitores ou outros adultos integrantes da unidade familiar; situacións de violencia de xénero e outras circunstancias de risco non recollidas nos ítems anteriores.

c. Proceso de Intervención social, individual ou familiar. É para aplicar con persoas e/ou familias en proceso de atención nas que se dan situacións de especial necesidade.

Artigo 6. - Contía da axuda:

A contía máxima da axuda será do 300% dunha mensualidade do IPREM

Artigo 7. - Dispoñibilidade orzamentaria

A xestión orzamentaria das axudas recollidas na presente Ordenanza efectuarase con cargo á partida 231.48000 , destinada para este fin e co límite dos créditos consignados nesta por un importe total de 5.000€

Artigo 8. – Documentación

- Orixinal e fotocopia para compulsar o Documento Nacional de Identidade dos membros da unidade familiar que o posúan. No suposto de estranxeiros tarxeta de residente, de asilo ou refuxio ou calquera outro documento que permita súa estadía legal no país.
- Orixinal e fotocopia para compulsar do Libro de Familia ou calquera outro documento que acredite convivencia.



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

- Acreditación dos ingresos económicos de todos os membros da unidade familiar a través de: a) Nóminas, recibos, xustificantes de pensións, certificados do INEM ou calquera outro documento que acredite os ingresos da persoa ou unidade familiar. b) Declaración responsable do interesado/a na que se faga constar, se é o caso, a carencia absoluta de rendas familiares. c) En todo caso, asinarase por todos os membros da unidade de convivencia unha autorización para o acceso aos seus datos do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas. d) Declaración da persoa interesada de estar ao corrente das obrigas fiscais e coa Seguridade Social (artigo 24.4 e 24.5 do Real decreto 887/2006 do 21 de xullo polo que se aproba o Regulamento xeral de subvencións), así coma a declaración xurada ou promesa na que se faga constar que non se recibiu doutros organismos, e para a mesma finalidade, a axuda que se solicita. e) Declaración de non estar incurso en ningunha das causas de prohibición para obter a condición de beneficiario/a da axuda.
- Achega dos movementos da conta bancaria dos últimos seis meses.
- Documentos acreditativos da situación de necesidade determinantes da solicitude que deben ser orixinais e se precisan devolución, indicar nestes que se concedeu a axuda para o seu pagamento, así coma o xustificante do seu custo ou presuposto.

Artigo 9. - Tramitación, resolución e notificación ós interesados

- Presentarase solicitude en modelo oficial dirixida a Excelentísima Sra. Alcaldesa e presentada no Rexistro Municipal do Concello. Así mesmo, poderase iniciar tamén de oficio mediante informe emitido polas persoas técnicas municipais de servizos sociais, que iniciará o expediente para todos os efectos.
- Estudo e valoración da petición, ou da situación no caso de terse iniciado de oficio, e das circunstancias familiares por parte dos servizos sociais municipais realizando un informe social da mesma.
- A proposta de concesión ou denegación da axuda será asinada pola Xunta de Goberno Local do Concello de Boimorto



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045
E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es

- A proposta de concesión deberá axustarse necesariamente ás características destas axudas e á existencia de crédito axeitado e suficiente.
- Naqueles supostos nos que a situación do beneficiario presente extrema urxencia e gravidade poderase dictar resolución provisional ata que se complete o expediente. Se transcurrido o prazo establecido non completase o expediente ou non se confirmase a urxencia procederáse á revogación da axuda e reclamación da cuantía percibidas.
- A resolución adoptada do expediente noificaráselle no domicilio do interesado no prazo de tres meses.

Artigo 10.- Forma e prazo de pagamento:

- A xustificación do gasto acreditarase mediante a presentación, con data límite do 20 de decembro, das facturas dos pagamentos e dos gastos realizados que deberán cumprir os requisitos regulamentarios establecidos.
- Os usuarios nunca percibirán as cuantías económicas directamente, o Concello efectuará o pago directamente ó proveedor, trala comprobación da factura correspondente.

Artigo 11.- Obriga dos beneficiarios:

- Destinar as axudas para o fin que foron outorgadas.
- Permitir e facilitar a labor das persoas que foron designadas para verificar a súa situación familiar e económicas.
- Comunicar ó departamento de servizos sociais todas aquelas variacións acaecidas na situación socio-familiar que poidan modificar as circunstancias que motivaron a solicitude.

Artigo 12.-Reintegro das axudas

Será causa de reintegro da axuda concedida o falseamento ou ocultación de datos para obter a axuda ou a baixa no padrón municipal

Artigo 13. - Incompatibilidade das axudas:

Será incompatible a concesión da axuda económica co goce gratuíto de servizos que



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045
E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es

cubran as mesmas necesidades. Así mesmo, non poderán outorgarse axudas polo mesmo concepto que fosen concedidas por outras Administracións ou organismo público. Exceptuarase este último requisito se a axuda concedida non solucionase a necesidade, podendo neste caso complementarse desde esta Administración sen que en ningún caso poida superar o custo total do obxecto da axuda.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA.

Queda derogada a ordenanza con bases específicas para o outorgamento destas subvencións do ano 2017

DISPOSICIÓN FINAL. Esta Ordenanza entrará en vigor unha vez publicada no Boletín Oficial da Provincia e unha vez transcorrido o prazo ó que se refire o artigo 70.2 en relación co artigo 65.2 da Lei 7/85, reguladora de bases de réxime local, modificada pola Lei 11/1999, do 21 de abril, e comezará a aplicarse a partir do día seguinte, permanecendo vixente ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

Contra esta Ordenanza poderá interponerse recurso contencioso administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ó da publicación no Boletín Oficial da Provincia.

ANEXO I

SOLICITUDE AXUDAS DE EMERXENCIA SOCIAL DO CONCELLO DE BOIMORTO

Nome e apelidos do solicitante.....

DNI..... Teléfono

Enderezo.....

Unidade económica de convivencia

Nome e apelidos	DNI	Idade	Parentesco

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

Ingresos mensuais

Nome e apelidos	Cantidade

Vivenda

Propia....., Alugada.....

Descrición da a solicitada e o importe da mesma

Declaro: Que son certos os datos que consigno na presenta solicitudes

Documentación que acompaño:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

•

•

•

•

•

•

•

•

Boimorto a de de .

Asdo.:

SRA ALCALDESA -PRESIDENTA DO CONCELLO DE BOIMORTO

ANEXO II

DECLARACIÓN RESPONSABLE

D/Dna..... con DNI..... e domicilio
en

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE.

Que non percibo nin percibín no mesmo ano ningunha axuda para a mesma finalidade
para a que solicito.

Boimorto a de de .

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045
E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es

Asdo.

Boimorto 23/04/2018
A Alcaldesa:

Asdo.- M^oJesús Novo Gómez”

A Alcaldesa explica estas bases e sinala que se fora necesario ampliaríase crédito para estas axudas. Sen máis intervencións por unanimidade con dez votos a favor de todos/as concelleiros/as presentes o Pleno municipal ACORDOU:

PRIMEIRO.- Derrogar as bases específicas para o outorgamento de subvencións na anualidade 2018 para incentivos á natalidade e emerxencia social e ratifica-lo contido íntegro do expediente, e na súa consecuencia, aprobar inicialmente as Ordenanzas específicas reguladoras das Bases de concesión de axudas destinadas para incentivo da natalidade, e axudas de emerxencia social que se transcriben como anexo á presente proposta. ANEXO SEGUNDO TEXTO INDICADO EN PROPOSTA DESTE ACORDO

SEGUNDO.- Continua-la tramitación do expediente, remitindo Edicto ó Boletín Oficial da Provincia, a fin de que, de conformidade co disposto no artigo 49.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, se proceda á información pública e audiencia ós interesados durante o prazo de trinta días hábiles, que comenarán a contarse a partir do seguinte ó da devandita publicación, inseríndose copia do Edicto no taboleiro de anuncios deste concello.

TERCEIRO.- No caso de que se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o citado expediente, procederase á súa resolución, previos os informes oportunos, polo Pleno Corporativo, procedéndose, unha vez resoltas, a aprobación definitiva do expediente e á publicación íntegra do texto da Ordenanza no Boletín Oficial da Provincia.

CUARTO.- Que no caso de que non se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o expediente, considerárase que o mesmo queda aprobado definitivamente, sen necesidade de acordo posterior, procedendo de seguido á publicación indicada no apartado procedente, de conformidade co disposto no artigo 49.c) da Lei 7/1985, de 2 de abril.

7.- PROPOSICIÓN RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS 2/2018 CON LEVANTAMENTO DE REPARO POR IMPORTE TOTAL DE 31.391,73€

Solicítase a aceptación de urxencia deste asunto sen dictaminar por Comisión sendo necesario o pronto pago destas facturas.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

Aceptase por unanimidade con dez votos a favor o tratamento deste asunto.

Pola Secretaría dase lectura á proposición tal e como segue:

“Iniciado o exercicio orzamentario de 2018, constan na Intervención Municipal compromisos de pago acordados en exercicios anteriores relativas á diversos gastos, cuxos xustificantes foron presentados ou conformados no ano en curso, resultando imposible a súa imputación orzamentaria ao exercicio de orixe, polo que para proceder á súa aprobación deberá procederse ó seu recoñecemento extraxudicial de créditos.

Logo de ver o informe de reparo da Intervención municipal de 23 de abril de 2018 relativo á fiscalización das facturas obxecto do expediente de recoñecemento extraxudicial .

Vistas as seguintes facturas referidas a gastos do exercicio 2017 con rexistro de entrada neste Concello na anualidade 2018 máis que non teñen procedemento contractual adecuado previo para xustificar compromiso de gasto debidamente adquirido en exercicios anteriores en aplicación do artigo 26.2 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril. Facturas a incluír no recoñecemento extraxudicial de créditos 2/2018, por ter data ou servizo/subministro no 2017 se ben son presentadas no exercicio 2018.

Nº. de factura Nº rexistro Face Data	Titular NIF/CIF	Descrición/ Partida imputación 2018	Importe en euros
FE18321254042254 2018/205 12/01/2018	Gas Natural Servicios SDG, S.A. A08431090	Subministro enerxía eléctrica potabilizadora mes decembro 2017 (01/12/2017 – 31/12/2017) 161.22100	3.354,73
A/1796 2018/208 31/12/2017	Oscar Vidal García 79335867N	Servizo reparación bomba achique e xerador 161.21000	970,00
A/1795 2018/209 31/12/2017	Oscar Vidal García 79335867N	Servizo reparación peche portón furgoneta Fiat Scudo matricula 7394GNW de Miniresidencia 231.21400	65,34
2017/9803 2018/399 15/02/2018	Deputación Provincial de A Coruña P150000C	Anuncio publicado no BOP 218/16-11-2017 de aprobación inicial expte. Modificación créditos: suplemento crédito 3/2017 920.22603	89,75
52 2018/405 30/12/2017	Mercedes Seijas Barreiro 76517970Y	Servizo perruquería usuarios Miniresidencia mes Outubro 2017 231.22703	103,93
53 2018/406 30/12/2017	Mercedes Seijas Barreiro 76517970Y	Servizo perruquería usuarios Miniresidencia mes Novembro 2017 231.22703	51,97
54 2018/407 30/12/2017	Mercedes Seijas Barreiro 76517970Y	Servizo perruquería usuarios Miniresidencia mes Decembro 2017 231.22703	75,95
FE17321251742152 2018/448 18/12/2017	Gas Natural Servicios SDG, S.A. A08431090	Subministro enerxía eléctrica potabilizadora mes novembro 2017 (01/11/2017 – 30/11/2017)161.22100	4.332,91
A / 45278 2018/672 25/11/2017	Suministros Médicos Vigueles Uno, S.L. B36797637	Subministro luvas vinilo T/grande, T/mediana e T/pequena e papel secamans para Miniresidencia 231.22703	332,87

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

1556004128 2018/886 25/07/2016	Interlab Laboratorios S.L. B87443032	Servizo análise depuradora de Arceo en data 22/02/2016 161.2799	23,09
Registrados en FACE 10/02/2018 11/02/2018 12/02/2018 13/02/2018 14/02/2018 16/02/2018 17/02/2018	Gas Natural S.U.R. SDG, S.A. A65067332	Recibos subministro enerxía eléctrica de alumeado público mes decembro 2017. 165.22100	5.383,09
FE18137000103057 2018/250 01/01/2018	Gas Natural S.U.R. SDG, S.A. A65067332	Recibo subministro enerxía eléctrica local social de Sendelle mes decembro 2017 337.22100	75,10
FE18137000142955 2018/251 01/01/2018	Gas Natural S.U.R. SDG, S.A. A65067332	Recibo subministro enerxía eléctrica edificio servizos múltiples mes decembro 2017 337.22100	127,26
FE18137000165044 2018/252 01/01/2018	Gas Natural S.U.R. SDG, S.A. A65067332	Recibo subministro enerxía eléctrica local social de Boimil mes decembro 2017 337.22100	20,21
FE18137000153037 2018/253 01/01/2018	Gas Natural S.U.R. SDG, S.A. A65067332	Recibo subministro enerxía eléctrica centro médico mes decembro 2017 312.22100	179,58
FE18137000210404 2018/254 01/01/2018	Gas Natural S.U.R. SDG, S.A. A65067332	Recibo subministro enerxía eléctrica PAI mes decembro 2017 326.22100	95,63
FE18137000524471 2018/279 07/01/2018	Gas Natural S.U.R. SDG, S.A. A65067332	Recibo subministro enerxía eléctrica refuxio de Sendelle mes decembro 2017 920.22100	14,10
FE18137000201124 2018/360 01/01/2018	Gas Natural S.U.R. SDG, S.A. A65067332	Recibo subministro enerxía eléctrica local social de Gándara (Boimorto) mes decembro 2017. 337.22100	154,50
FE18137000206527 2018/361 01/01/2018	Gas Natural S.U.R. SDG, S.A. A65067332	Recibo subministro enerxía eléctrica local baixo do concello mes decembro 2017 920.22100	18,22
FE18137000504559 2018/363 07/01/2018	Gas Natural S.U.R. SDG, S.A. A65067332	Recibo subministro enerxía eléctrica depósito de Boimil mes decembro 2017 161.22100	252,68
Total			15.720,91

Vistas as operacións pendentes de aplicación a orzamento que se incorporan do exercicio contable 2017, con data de servizo/subministro de 2017 e rexistro no 2017 e que son as seguintes:

Nº. de factura	Titular NIF/CIF	Descrición	Importe en euros
Nº rexistro Face			
Data			

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

129.812 2017/2808 30/11/2017	Recambios Santiagueses, S.L. B15214349	Subministro repostos para tractor: cristal porta, cristal ventá lateral e aceite sintético 163.21400	418,83
2017/3173 2017/2971 30/11/2017	Sociedade Galega do Medio Ambiente, S.A. A15379803	Tratamento residuos urbanos mes novembro 2017 1623.22799	3.229,73
D- 207 2017/2975 23/11/2017	Gasocorreoiras, S.L. B70521448	Subministro gasoleo automoción 163.22103	2.625,00
D- 217 2017/2977 28/11/2017	Gasocorreoiras, S.L. B70521448	Subministro gasoleo bonificado para tractor. 163.22103	340,00
85 2017/2978 30/11/2017	Gasocorreoiras, S.L. B70521448	Subministro gasolina para estación bombeo augas de Rodieiros 161.22103	111,00
86 2017/2979 30/11/2017	Gasocorreoiras, S.L. B70521448	Subministro gasolina para estación bombeo augas de Rodieiros 161.22103	246,00
88 2017/2980 30/11/2017	Gasocorreoiras, S.L. B70521448	Subministro gasolina para estación bombeo augas de Rodieiros 161.22103	142,00
1574 /2017 2017/2999 30/11/2017	Santiago Vidal Ferro B3206600M	Servizo reparación microbus matricula 5002HHB, camión grúa matricula 6064GMR e camión lixo matricula 7458FJK 163.21400	562,65
17 1531 2017/3057 27/12/2017	Biocontrol y Calidad Alimentaria, S.L.U. B15987399	Servizo análise depuradora Brates en data 21/11/2017. 160.22799	107,30
120044 2017/3058 28/12/2018	Dielectro Industrial A15007750	Subministrados repostos eléctricos para alumeados público 165.22112	350,96
Rexistrados en FACE 07/12/2017 08/12/2017 09/12/2017	Gas Natural S.U.R. SDG, S.A. A65067332	Recibos subministro enerxía eléctrica de alumeados público mes outubro 2017 165.22100	4.000,66
Rexistrados en FACE 10/12/2017 11/12/2017	Gas Natural S.U.R. SDG, S.A. A65067332	Recibos subministro enerxía eléctrica de alumeados público mes novembro 2017. 16522100	1.256,69
Total			13.390,82

Finalizado o exercicio 2017 constan na Intervención Municipal obrigas de pagos a concelleiros por asistencias a sesións de Plenos e xuntas de goberno local do ano 2017 motivadas en falta de aprobación de actas ata o exercicio seguinte 2018 resultando imposible a súa imputación presupostaria ao exercicio de orixe, polo que deberá procederse ao seu recoñecemento extraxudicial de créditos.

Corresponden estas obrigas a asistencia a sesións aos Plenos de 14/11; 19/12 e 28/12 de 2017 así como ás sesións da Xunta de goberno local de 26/10; 30/11 e 28/12 de 2017, sendo o importe por asistencia a cada sesión de 60,00€, o que supón un importe total de 2.280,00€ a imputar na partida do orzamento 2018 912.23000.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045
E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es

Visto o artigo 60.2 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril que outorga competencia ó pleno municipal para o recoñecemento extraxudicial de créditos cando non exista dotación orzamentaria.

Considerando que pola teoría do enriquecemento inxusto ou sen causa mantida xurisprudencialmente, pola que un empresario executou unha prestación a favor da Administración ten que cobrar o prezo da prestación aínda que non foran seguidos os procedementos legalmente establecidos xa que un defecto formal non pode implicar un prexuízo para o contratista e un enriquecemento sen causa para a Administración.

Visto o artigo 26.2 do Real Decreto 500/1990 de 20 de abril polo presente propoño que o Pleno municipal previa aceptación de urxencia de asunto sen dictaminar adopte o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Levantar reparo da secretaría intervención de data 26/01/2018 en relación coas facturas indicadas nos considerandos deste acordo .

SEGUNDO.- Aprobar o recoñecemento extraxudicial das facturas e gastos por asistencia de concelleiros a sesións do Pleno e Xunta de goberno local relativas a este expediente de recoñecemento extraxudicial indicadas nos considerandos deste acordo autorizando, compromiso e recoñecendo obrigas con cargo ás partidas municipais de 2018 indicadas na taboa recollida nos considerandos desta proposición .

Boimorto 23 de abril de 2018

A Alcaldesa:

Asdo.- Maria Jesus Novo Gómez”

A Alcaldesa sinala a necesidade e urxencia de pago destas facturas.

Sometida á proposición a votación por unanimidade con dez votos a favor (5 dos concelleiros do grupo municipal do PP, 1 do membro non adscrito, dous das dúas concelleiras presentes do PSdG-PSOE e dous dos concelleiros do grupo municipal do BNG) o Pleno municipal **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Levantar reparo da secretaría intervención de data 26/01/2018 en relación coas facturas indicadas nos considerandos deste acordo .(VER PROPOSICIÓN)

SEGUNDO.- Aprobar o recoñecemento extraxudicial das facturas e gastos por asistencia de concelleiros a sesións do Pleno e Xunta de goberno local relativas a este expediente de recoñecemento extraxudicial indicadas nos considerandos deste acordo autorizando, compromiso e recoñecendo obrigas con cargo ás partidas municipais de 2018 indicadas na taboa recollida nos considerandos desta proposición .

8.-DACIÓN DE CONTA DE DECRETO SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN CONCELLOS DE BOIMORTO, SOBRADO E VILASANTAR PARA A FINANCIACIÓN DO GASTO DE PERSOAL DAS OFICINAS DE TURISMO DURANTE O EXERCICIO 2018

Pola secretaria dáse conta do Decreto de Alcaldía nº 10/2018 de data 15/01/2018 de solicitude de subvención concellos de Boimorto, Sobrado e Vilasantar para a financiación do gasto de persoal das oficinas de turismo durante o exercicio 2018, que se reproduce literalmente:

<<Descrición Decreto: Solicitude de subvención concellos de Boimorto, Sobrado e Vilasantar para a financiación do gasto de persoal das oficinas de turismo durante o exercicio 2018 (BOP núm.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045
E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es

243 do 26/12/2017)

Téndose publicado no BOP núm. 243 do 26/12/2017 a convocatoria do Programa de subvencións dirixido aos concellos e agrupacións de concellos da provincia da Coruña de menos de 50.000 habitantes para a financiación do gasto de persoal das oficinas de turismo durante o exercicio 2018;

PRIMEIRO.- Solicitar unha subvención por importe de 20.000 euros xunto cos concellos de Vilasantar e Sobrado para os gastos de persoal das oficinas de turismo durante o exercicio 2018 que corresponde ao 100 % do orzamento de gasto de dito persoal.

SEGUNDO.- Nomear a Fernando Pérez Fernández, Alcalde-Presidente do Concello de Vilasantar, como representante legal na tramitación da subvención.

TERCEIRO.- Declarar que é o Concello de Vilasantar o que vai recibir o importe da subvención e presentación da documentación para o pago e xustificación.

CUARTO.- Delegar no Concello de Vilasantar a tramitación telemática e solicitude da subvención.

BOIMORTO, xoves 11 de xaneiro de 2018

A Alcaldesa-Presidenta

Dou fe, a secretaria

Asdo.- María Jesús Novo Gómez

Asdo.- Rebeca Vázquez Vázquez>>

Explica a Alcaldesa que o persoal subvencionado atenderá aos peregrinos na caseta de turismo do Concello de Boimorto.

Non se somete a ratificación o decreto por faltar convenio no expediente para aprobación plenaria.

9.- DACIÓN DE CONTA CIFRA DE POBOACIÓN A 1 DE XANEIRO DE 2017

Dase conta por Secretaría da cifra oficial da poboación a data 01/01/2017 chegada en escrito de 01/12/2017 con número de rexistro de entrada 2819 e que é de 2.040 habitantes.

10.-DACIÓN DE CONTA DECRETO APROBACION LIQUIDACIÓN EXERCICIO 2017 E DECRETO DE RECTIFICACIÓN.

Aprobada a liquidación do exercicio 2017 dase conta expresa do decreto de aprobación de dita liquidación e decreto que foi necesario para rectificar erro sobre total de obrigas recoñecidas netas, tendo estes decretos os números 88/2018 de data 15/03/2018 e 142/2018 de data 19/04/2018:

<<**Descrición Decreto:** LIQUIDACIÓN ORZAMENTO 2017

DONA MARIA JESUS NOVO GOMEZ ALCALDESA PRESIDENTA DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

De conformidade coas atribucións conferidas a esta Alcaldía pola lexislación vixente artigo 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das bases do réxime local, en aplicación dos artigos 191.3 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado por RDLex 2/2004 de 5 de marzo e

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

artigo 90 do Real Decreto 500/1990 de 20 de abril de desenvolvemento da Lei reguladora das facendas locais e demais normativa.

Visto o expediente de liquidación do Orzamento municipal do exercicio 2017 no que consta informe de secretaria intervención de data 15/03/2018 en cumprimento do disposto no artigo 191 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado por RDLex 2/2004 de 5 de marzo

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar a liquidación do Orzamento municipal do exercicio 2017

ORZAMENTO CORRENTE

INGRESOS:

CAPITULO	ORZAMENTO INICIAL	MODIF.	ORZAMENTO DEFINITIVO	DEREITOS RECOÑ. NETOS	RECADACIÓN LIQ. NETA	TOTAL LIQ. ANULADAS/ DEVOLUCION INGRESOS	PDTE. DE COBRO A 31/12
I	315.306,31	0,00	315.306,31	386.774,00	386.774,00	1.278,40	0,00
II	8.665,47	0,00	8.665,47	24.728,43	21.821,68	0,00	2.906,75
III	743.865,62	2.922,54	746.788,16	735.829,47	729.508,63	1.308,00	6.320,84
IV	981.745,03	159.500,53	1.141.245,56	1.113.127,84	924.080,44	11.021,08	189.047,40
V	129,26	0,00	129,26	1,11	1,11	0,00	0,00
VII	347.105,11	455.642,59	802.747,70	453.508,77	209.689,28	0,00	243.819,49
VIII	0,00	116.818,66	116.818,66	0,00	0,00	0,00	0,00
Total	2.396.816,80	734.884,32	3.131.701,12	2.713.969,62	2.271.875,14	13.607,48	442.094,48

GASTOS:

CAPITULO	ORZAMENTO INICIAL	MODIF.	ORZAMENTO DEFINITIVO	GASTOS COMPROMETIDOS	OBRIGAS RECOÑ. NETAS	PAGOS LIQ. REALIZADOS	OBRIGAS PDTE. PAGO A 31/12
I	1.322.243,89	80.645,57	1.402.889,46	1.315.433,70	1.315.433,70	1.280.512,65	34.921,05
II	618.467,80	79.775,78	698.243,58	657.308,44	636.416,39	636.416,39	0,00
III	2.000	0,00	2.000,00	0,00	0,00	0,00	0,00
IV	99.000	90.471,00	189.471,00	88.735,66	88.735,66	88.735,66	0,00
VI	355.105,11	483.991,97	839.097,08	528.704,49	510.948,41	510.948,41	0,00
Total	2.396.816,80	734.884,32	3.131.701,12	2.590.182,29	2.516.613,11	2.516.613,11	34.921,05

Remanentes de crédito

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

A) Remanentes Comprometidos =36.648,13

a.1.-Incorporables 25.016,08

a.2.-No incorporables 13.632,05

B) Remanentes No Comprometidos= 541.518,83

b.1.-Incorporables 317.117,65

b.2.-No Incorporables 224.401,18

ORZAMENTOS PECHADOS

INGRESOS:

	DEREITOS PENDENTES DE COBRO 31/12/2017
TOTAIS	96.349,02

GASTOS:

	OBRIGAS PENDENTES DE PAGO 31/12/2017
TOTAIS	55,89

RESULTADO ORZAMENTARIO

1. Dereitos recoñecidos netos 2.713.969,62
2. Obrigas recoñecidas netas 2.551.534,16
3. Resultado orzamentario (1-2) 162.435,46
4. Gastos financiados con remanente líquido de tesourería 102.870,10
5. Desviacións negativas de financiación 25.656,70
6. Desviacións positivas de financiación 6.944,98

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

7. Resultado Orzamentario axustado (3+4+5-6) 284.017,28

REMANENTE DE TESOURERIA

1.- (+) Fondos líquidos Tesourería a fin de exercicio 59.450,88

2.- (+) Dereitos pendentes de cobro a fin de exercicio 546.334,65 (-29.388,50)=516.946,15

1a) Do Orzamento de ingresos corrente 442.094,48

1b) Do Orzamento de ingresos pechados 96.349,02

1d) De operacións non orzamentarias 7.891,15

(-) Ingresos realizados pendentes de aplicación - 29.388,50

3.- (-) Acreedores pendentes de pago a fin de exercicio 127.712,34

2a) Do Orzamento de pagos corrente 34.921,05

2b) Do Orzamento de pagos pechados 55,89

2c) De operacións non orzamentarias 92.735,40

(+) Pagos realizados pendentes de aplicación 0,00

I.- Remanente de Tesourería Total = 1+2-3= 448.684,69

II.- (-) Saldos de dubidoso cobro= 62.636,98

III.- Remanente de tesourería para gastos con financiación afectada= 0,42

IV.- Remanente de tesourería para gastos xerais= 386.047,29

SEGUNDO.- Da liquidación do orzamento 2017 darase conta o Pleno municipal na primeira sesión que se leve a cabo.

TERCEIRO.- Da Liquidación do orzamento remítase copia á Administración do Estado e a Comunidade Autónoma.

BOIMORTO, xoves 15 de marzo de 2018

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

A Alcaldesa - Presidenta

Dou fe, a secretaria

Asdo.- MARIA JESUS NOVO GOMEZ

Asdo.- REBECA VÁZQUEZ VAZQUEZ

Descrición Decreto: RECTIFICACIÓN ERRO EN DECRETO DE APROBACIÓN DA LIQUIDACIÓN 2017 88/2018 DE 15/03/2018.

DONA MARIA JESUS NOVO GOMEZ ALCALDESA PRESIDENTA DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Visto o decreto asinado por esta Alcaldía en data 15/03/2018 decreto nº 88/2018 polo que se realiza a aprobación da liquidación do exercicio 2017.

Detectado por intervención erro na tabla de Gastos obrigas recoñecidas netas 2.516.613,11 € cando polo sumatorio das contías indicadas en cada capítulo tería que ser como se reflexa no Resultado orzamentario apartado 2 obrigas recoñecidas netas 2.551.534,16€ .

Informando secretaría intervención que se dito erro se arrastra en informe de secretaría intervención que se presenta rectificado a esta Alcaldía en data de hoxe cumprindo igual a liquidación a regra de gastos e normativa de estabilidade .

Polo presente en aplicación do artigo 109.2 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento administrativo común das administracións públicas **RESOLVO:**

PRIMEIRO.-Rectificar no decreto indicado nos considerandos deste decreto a contía referida na taboa de gastos a obrigas recoñecidas netas totais pola contía de 2.551.534,16.

SEGUNDO.- Certificado deste decreto únase o expediente da liquidación xunto có informe rectificado de intervención aos efectos oportunos.

BOIMORTO, mércores 18 de abril de 2018

A Alcaldesa - Presidenta

Dou fe, a secretaria

Asdo.- MARIA JESUS NOVO GOMEZ

Asdo.- REBECA VÁZQUEZ VAZQUEZ

Destaca a Alcaldía o cumprimento do teito de gasto da estabilidade orzamentaria así como o bo resultado nesta liquidación.

Os concelleiros /as danse por informados.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045
E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es

11.- DACIÓN DE CONTA DECRETOS

De conformidade co disposto no artigo 42 do RD 2568/1986 de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dase conta aos concelleiros das Resolucións da Alcaldía Presidencia ditadas entre os días 21/2/2018 ata 23/04/2018 números 60 a 147.

MOCIÓNS DE URXENCIA

Pregunta a Alcaldía en aplicación do artigo 91.4 do ROF RD 2568/1986 de 28 de novembro se algún grupo político desexa someter a consideración do Pleno, por razóns de urxencia, algún asunto non comprendido na orde do día que acompañou á convocatoria e que non teña cabida no punto de regos e preguntas.

Pola Alcaldesa solicítase a Secretaría a lectura de dúas mocións tal e como segue :

MOCIÓN GRUPO MUNICIPAL PP DE ACORDO PARA O PLENO MUNICIPAL ORDINARIO A CELEBRAR EN DATA 26/04/2018

Xustificando a urxencia deste tratamento de punto da orde do día sen ditaminar na necesaria xustificación de gasto total PEIM obra Mellora mantemento camiños Capela San Brais e Baiuca e do gasto en Convenio para prevención e extinción de incendios asinado coa Consellería de Medio rural da Xunta de Galicia solicítase a aprobación plenaria para tratamento deste asunto sen ditaminar. (Acéptase por unanimidade con 10 votos a favor).

Visto o expediente para modificación suplemento de crédito n.º 1 /2018 a realizar no Orzamento do exercicio 2018 á vista dos antecedentes contidos no mesmo, sería un suplemento de crédito tal e como segue: a) a baixa de créditos na partida Inversións administración xeral 920.62700 por – 678,55€ B) suplementando por dito importe a partida 136.63300 en 150€ e a partida 1532.61900 PEIM por 528,55€ Visto informe de secretaria a esta modificación de data 24/04/2018. Vista a normativa legal que permite a modificación dos orzamentos, de conformidade co disposto no RDLex 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, no RD 500/90, do 20 de abril, e nas Bases de execución do Orzamento de 2018.

A vista do anteriormente exposto, esta Alcaldía propón que o Pleno acepte o tratamento deste asunto sen dictaminar pola comisión informativa permanente especial de contas e ACORDE:

Primeiro.- Aprobar a modificación vía suplemento de crédito 1/2018 tal e como segue:

- a) a baixa de créditos na partida Inversións administración xeral 920.62700 por – 678,55€
- b) suplementando por dito importe a partida 136.63300 en 150€ e a partida 1532.61900 PEIM por 528,55€

Segundo.- Considerar estes gastos específicos e determinados e que non se pode demorar na súa aprobación a exercicios posteriores por ser urxente a utilización dos créditos subvencionados e a xustificación das subvencións indicadas nos considerandos deste acordo .

Terceiro.- Informar que non existe no estado de gastos do actual Orzamento municipal do exercicio 2018, crédito para estes gastos no capítulo 6 ó estar as partidas non incluídas en bolsa por ser estes gastos de inversión e vincularse cuantitativa e cualitativamente en si mesmas. .

Cuarto.- Tramitar o expediente axustándose ós preceptos legais aplicables vixentes, 177 do

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

TRLRBL, e o artigo 38 do RD 500/90, do 20 de abril, considerándose o acordo de aprobación inicial polo Pleno como definitivo de non presentarse reclamacións contra o mesmo, durante o prazo de exposición pública e considerando que dita tramitación supón tamén modificación do anexo de inversións do orzamento municipal para 2018.

Boimorto, 24 de abril de 2018 A Alcaldesa Asdo.- María Jesús Novo Gómez

Sen máis inter, evencións por maioría absoluta con 6 votos a favor (5 dos concelleiros do grupo municipal do PP, e un do membro non adscrito) e con 4 abstencións (dúas dos concelleiros do BNG e dúas das concelleiras do grupo municipal do PsdG-PSOE) o Pleno municipal **ACORDOU:**

Primeiro.- Aprobado a modificación vía suplemento de crédito 1/2018 tal e como segue:

a) a baixa de créditos na partida Inversións administración xeral 920.62700 por – 678,55€

b) suplementando por dito importe a partida 136.63300 en 150€ e a partida 1532.61900 PEIM por 528,55€

Segundo.- Considerar estes gastos específicos e determinados e que non se pode demorar na súa aprobación a exercicios posteriores por ser urxente a utilización dos créditos subvencionados e a xustificación das subvencións indicadas nos considerandos deste acordo .

Terceiro.- Informar que non existe no estado de gastos do actual Orzamento municipal do exercicio 2018, crédito para estes gastos no capítulo 6 ó estar as partidas non incluídas en bolsa por ser estes gastos de inversión e vincularse cuantitativa e cualitativamente en si mesmas. .

Cuarto.- Tramitar o expediente axustándose ós preceptos legais aplicables vixentes, 177 do TRLRBL, e o artigo 38 do RD 500/90, do 20 de abril, considerándose o acordo de aprobación inicial polo Pleno como definitivo de non presentarse reclamacións contra o mesmo, durante o prazo de exposición pública e considerando que dita tramitación supón tamén modificación do anexo de inversións do orzamento municipal para 2018.

Continúa Alcaldía solicitando exposición da seguinte moción sobre subvencións para transporte escolar sendo aceptada a urxencia e tratamento e votación desta moción non incluída na orde do día por unanimidade con 10 votos a favor

MOCIÓN APROBACIÓN ORDENANZA ESPECÍFICA REGULADORA DAS BASES DA CONVOCATORIA DE AXUDAS MUNICIPAIS ANUALIDADE 2018 PARA TRANSPORTE ESCOLAR .

Xustifícase a urxencia no remate do curso escolar 2017/2018 e a necesaria tramitación do expediente nesta anualidade (ACEPTADA DITA URXENCIA POR UNANIMIDADE)

Visto expediente para aprobación de ordenanza específica reguladora das bases da convocatoria de axudas municipais anualidade 2018 para transporte escolar co fin de incentivar e promover a formación educativa dos/as rapaces de Boimorto facilitando ó transporte a centros educativos que non están neste termo municipal. VISTO que a actual Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, aplicable ás Corporacións Locais, establece que a competencia para conceder subvencións nas CCLL corresponde ós órganos que teñan atribuídas tales funcións na lexislación de réxime local.; e que con carácter previo ó outorgamento de subvencións deberán aprobarse as normas que establezan as bases reguladoras de concesión nos termos establecidos na Lei; engadindo que as bases reguladoras das subvencións nas CCLL deberanse aprobar no marco

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045
E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es

das bases de execución do presuposto, a través dunha Ordenanza xeral de subvencións ou mediante unha Ordenanza específica para as distintas modalidades de subvencións, remitindo polo tanto ó establecido no artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, no Regulamento de servicios das corporacións locais, e na Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia.

Visto informe de secretaría intervención de data 20/04/2018.

Considerándose a ordenanza específica instrumento normativo máis axeitado para a súa regulación, e vistos o proxecto de regulamentación que constan no expediente propoño que o Pleno municipal adopte o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Derrogar a ordenanza específica reguladora das bases da convocatoria de axudas municipais anualidade 2017 para transporte escolar e ratifica-lo contido íntegro do expediente, e na súa consecuencia, aprobar inicialmente a ordenanza específica reguladora das bases da convocatoria de axudas municipais anualidade 2018 para transporte escolar que se transcriben como anexo á presente moción .

SEGUNDO.- Continua-la tramitación do expediente, remitindo Edicto ó Boletín Oficial da Provincia, a fin de que, de conformidade co disposto no artigo 49.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, se proceda á información pública e audiencia ós interesados durante o prazo de trinta días hábiles, que comenzarán a contarse a partir do seguinte ó da devandita publicación, inseríndose copia do Edicto no taboleiro de anuncios deste concello.

TERCEIRO.- No caso de que se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o citado expediente, procederase á súa resolución, previos os informes oportunos, polo Pleno Corporativo, procedéndose, unha vez resoltas, a aprobación definitiva do expediente e á publicación íntegra do texto da Ordenanza no Boletín Oficial da Provincia.

CUARTO.- Que no caso de que non se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o expediente, considerárase que o mesmo queda aprobado definitivamente, sen necesidade de acordo posterior, procedendo de seguido á publicación indicada

ANEXO ORDENANZA ESPECÍFICA REGULADORA DAS BASES DA CONVOCATORIA DE AXUDAS MUNICIPAIS ANUALIDADE 2018 PARA TRANSPORTE ESCOLAR

1.-OBJECTO. É obxecto da presente ordenanza regular bases e convocatoria pública por parte do Concello de Boimorto, para a tramitación e concesión de subvencións destinadas a familias para facer fronte ós gastos de transporte escolar para o curso académico 2017- 2018.

2.-REQUISITOS DOS BENEFICIARIOS. Poderán solicitar esta subvención, as persoas físicas pai, nai ou titor dun ou varios nenos/as, que cumpran os seguintes requisitos: a) Estar empadroad/a no Concello de Boimorto durante a totalidade do curso lectivo. b) Cursar estudos de Bacharelato ou Formación profesional, para os que sexa necesario desprazarse fóra do Concello de Boimorto durante a totalidade do curso lectivo. c) Estar ó día no pago das obrigas tributarias co Concello de Boimorto. d) Non ter pendente de xustificación ningunha subvención concedida polo Concello de Boimorto no exercicio anterior, ou ter desistido de forma motivada e por escrito. e) Así como cumprir os requisitos establecidos no artigo 13 da Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións. Non se admitirán a trámite as solicitudes que non cumpran estes requisitos.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045
E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es

3.-CONTÍA DAS SUBVENCIÓNS. A subvención acadará os 250 euros por alumno e ano académico. No caso de que as solicitudes aceptadas superen as previsións, e se exceda o crédito destinado a esta subvención, o crédito total previsto prorratearse entre as solicitudes admitidas.

4.-DISPONIBILIDADE ORZAMENTARIA. Para as subvencións incluídas na presente convocatoria, reservárase crédito na partida orzamentaria 326.48900 do Concello de Boimorto, por importe total de 3.500 €.

5.-DOCUMENTACIÓN. Para a solicitude da subvención deberase presentar no Rexistro Xeral do Concello de Boimorto a seguinte documentación: a) Solicitude normalizada (anexo I). b) Fotocopia do DNI do pai, nai ou titor. c) Fotocopia do resguardo da matrícula correspondente ó curso 2017/2018. d) Acreditación de estar ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade social (anexo II). e) Certificación da conta bancaria designada para o ingreso da axuda.

6.-PRAZO. O prazo para a presentación de solicitudes será de vinte días hábiles, contados a partir do día seguinte ó da publicación destas bases no Boletín Oficial da Provincia. O prazo terá carácter improrrogable.

7.-CRITERIOS DE AVALIACIÓN. O órgano correspondente concederá as axudas e subvencións a todos os solicitantes (con límite na disponibilidade orzamentaria) que cumpran os requisitos, tendo en conta a contía establecida no apartado 3 e darase prioridade as solicitudes con número de rexistro de entrada no Concello anterior. Poderá acordarse a distribución equitativa para atender a tódalas solicitudes por importe inferior a 200 € de forma motivada.

8.-TRAMITACIÓN DOS EXPEDIENTES. Recibidas as solicitudes e comprobados os requisitos, a Xunta de Goberno Local, previo informe da técnica en intervención familiar-psicóloga con proposta de beneficiarios adoptará a resolución motivada que proceda. Dita proposta conterá a relación de solicitantes, as subvencións acordadas e a súa contía, e as denegadas co seu motivo.

9.-OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS: a) Estar empadroados no Concello de Boimorto. Este extremo comprobarase de oficio polo propio Concello. b) Asistir ás clases. Para acreditar este extremo, no mes de xuño remítase ó Concello de Boimorto unha certificación expedida polo colexio onde se acredite a asistencia. c) Comunicarlle ó Concello, tan pronto como se coñeza, a concesión de subvencións solicitadas a outras entidades públicas ou privadas para o mesmo fin. d) Cumprir con calquera outra obriga disposta no artigo 14 da Lei xeral de subvencións. O incumprimento dalgunha destas obrigas poderase resolver coa suspensión do pagamento da subvención ou co seu reintegro.

10.-NOTIFICACIÓN E PUBLICIDADE DA RESOLUCIÓN. Unha vez concedida a subvención, procederase a súa notificación a tódolos solicitantes nun prazo máximo de 15 días desde a finalización do prazo de presentación de solicitudes. Contra a desestimación expresa ou presunta das solicitudes presentadas, poderanse formular os recursos que procedan.

11.-DOCUMENTACIÓN PARA A XUSTIFICACIÓN. A xustificación da subvención farase ca presentación no Rexistro xeral do concello do seguinte documento: a) Certificación do colexio onde se atope matriculado o estudante nos termos do apartado 9. b) Relación detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras entidades públicas ou privadas para o mesmo fin, se é o caso. No suposto de non presentala, entenderase que o beneficiario non obtivo ningunha.

12.-PRAZO DE XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO. 12.1.-No mes de novembro de 2018 presentarase a xustificación nos termos establecidos nesta convocatoria. Este prazo é

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

improrrogable e finaliza o 30/11/2018. De non presentar a xustificación dentro do prazo establecido nestas bases, ou non desistir de forma motivada e por escrito dentro do mesmo prazo, entenderase que desiste da súa petición, dando lugar á perda do dereito ao seu cobramento e procedéndose á anulación do correspondente compromiso, por resolución da Alcaldía. 12.2.-O pagamento da subvención concedida farase efectivo unha vez xustificado o obxecto da subvención. Vista a documentación xustificativa presentada, o órgano competente valorará se se cumpriu a finalidade básica obxecto da subvención e neste caso proporá que se efectúe o aboamento da subvención mediante ingreso por transferencia bancaria na conta sinalada polo beneficiario.

13.-REINTEGRO. 13.1.-Procederá o reintegro da axuda nos seguintes supostos: - Falta de xustificación ou xustificación insuficiente. - Variación nas circunstancias que motivaron a concesión da axuda. - Demáis supostos previstos no artigo 37 da Lei xeral de subvencións. 13.2.- O reintegro estará suxeito ás disposicións previstas ao respecto nos artigos 36 e seguintes da Lei xeral de subvencións. O incumprimento parcial ou total das condicións establecidas, a desviación da subvención para actividades ou conceptos non estimados no proceso de tramitación e resolución, o incumprimento da obriga de xustificación, a duplicidade de subvencións para un mesmo programa, sempre que non sexan complementarias, constituirán causa determinante para a cancelación da subvención e a obriga do reintegro das cantidades recibidas. Procederá a revocación da subvención e o reintegro, total ou parcial, das cantidades percibidas máis o interese legal do diñeiro que resulte de aplicación, dende o momento do abono da subvención ou axuda, nos seguintes supostos: a) Incumprimento da obriga de xustificar. b) Ocultación ou falsidade de datos ou documentos que servirán de base para a concesión ou obtención da subvención ou axuda sen reunir as condicións requiridas para elo ou o incumprimento de obrigas e requisitos establecidos con carácter xeral nestas bases. c) Incumprimento da finalidade para a que se concedeu, dado que as subvencións ou axudas de toda índole non poderán ser aplicadas a actividades distintas para as que foron C outorgadas, o cal poderá ser verificado polo Ilmo. Concello de Boimorto. d) Incumprimento das condicións impostas con motivo da concesión. Nos casos anteriormente sinalados o Ilmo. Concello de Boimorto poderá esixir o reintegro do importe total ou parcial da subvención ou axuda ou poderá compensalo con outras subvencións ou transferencias ás que tivese dereito a Entidade, con independencia das responsabilidades a que haxa lugar. Así mesmo, procederá o reintegro do exceso, nos supostos en que, por concesión de subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, a contía das subvencións ou axudas outorgadas supere o coste da actividade a desenvolver polo beneficiario. As cantidades a reintegrar terán a consideración de ingresos de dereito público e a súa cobranza levarase a efectos segundo o establecido para este tipo de ingresos na normativa de aplicación ás entidades locais.

14.-COMPATIBILIDADE DA SUBVENCIÓN. A concesión destas axudas será compatible con calquera outro tipo de becas ou subvencións, agás as que se entreguen coa mesma finalidade.

15.- NORMATIVA SUPLETORIA. En todo o non previsto nesta ordenanza, aplicarase o disposto nas Bases de execución do orzamento xeral do Concello de Boimorto para o 2015, e nas normas legais e regulamentarias de aplicación, Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no RD 887/2006 de 21 de xullo polo que se aproba o regulamento da lei xeral de subvencións Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, e demais normativa de réxime local aplicable.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA. Queda derrogada a ordenanza con bases específicas para o outorgamento destas subvencións do ano 2017.



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

DISPOSICIÓN FINAL. Esta Ordenanza entrará en vigor unha vez publicada no Boletín Oficial da Provincia e unha vez transcorrido o prazo ó que se refire o artigo 70.2 en relación co artigo 65.2 da Lei 7/85, reguladora de bases de réxime local, modificada pola Lei 11/1999, do 21 de abril, e comezará a aplicarse a partir do día seguinte, permanecendo vixente ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa. Contra esta Ordenanza poderá interponerse recurso contencioso administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ó da publicación no Boletín Oficial da Provincia.

ANEXO I SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA TRANSPORTE ESCOLAR. ANUALIDADE 2018 CONCELLO DE BOIMORTO

I.- DATOS DO ALUMNO

Nome e apelidos do alumno

DNI:

Data nacemento:

Enderezo a efectos de notificación

Nome apelidos do pai nati ou titor.

DNI

Teléfono/s de contacto

II.-TRANSPORTE

Percorrido a realizar:

Transporte empregado:

¿Cantas viaxes realizas ó día?:

¿Cantas viaxes realizas á semana?

III.- RELACIÓN DE DOCUMENTACIÓN ADXUNTA:

-
-

Boimorto a de de 2018

Sinatura:

SRA. ALCALDESA PRESIDENTA DO CONCELLO DE BOIMORTO DECLARACIÓNS REALIZADAS POR REPRESENTANTE/S

Don/Dona con DNI

como representante de con

DNI:(ou directamente o solicitante maior de idade)

DECLARA:

Que estou ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

.-Que non está incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de subvencións

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

conforme o artigo 13 da Lei 38/2003 xeral de subvencións e que coñezo e acepto as bases da convocatoria.

.-Que o conxunto de axudas solicitadas ou concedidas relacionadas coas subvención solicitada, procedente de calquera administración ou ente público ou privado son as seguintes:

Entidade Concedente Cantidade Solicitada Cantidade Concedida

NINGUNHA OUTRA AXUDA (marcar este recadro en caso afirmativo)

_____ a _____ de _____ de 2018

Sinatura:

SRA. ALCALDESA PRESIDENTA DO CONCELLO DE BOIMORTO

En Boimorto a 24/04/2018

A Alcaldesa:

Asdo.- M.^a Jesús Novo Gómez

Por unanimidade con votos a favor de tódolos concelleiros/as presentes no Pleno o Pleno municipal **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Derrogar a ordenanza específica reguladora das bases da convocatoria de axudas municipais anulidade 2017 para transporte escolar e ratifica-lo contido íntegro do expediente, e na súa consecuencia, aprobar inicialmente a ordenanza específica reguladora das bases da convocatoria de axudas municipais anulidade 2018 para transporte escolar que se transcriben como anexo á presente moción. (REMISIÓN A TEXTO DA MOCIÓN)

SEGUNDO.- Continua-la tramitación do expediente, remitindo Edicto ó Boletín Oficial da Provincia, a fin de que, de conformidade co disposto no artigo 49.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, se proceda á información pública e audiencia ós interesados durante o prazo de trinta días hábiles, que comenzarán a contarse a partir do seguinte ó da devandita publicación, inseríndose copia do Edicto no taboleiro de anuncios deste concello.

TERCEIRO.- No caso de que se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o citado expediente, procederase á súa resolución, previos os informes oportunos, polo Pleno Corporativo, procedéndose, unha vez resoltas, a aprobación definitiva do expediente e á publicación íntegra do texto da Ordenanza no Boletín Oficial da Provincia.

CUARTO.- Que no caso de que non se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o expediente, considerarase que o mesmo queda aprobado definitivamente, sen necesidade de acordo posterior, procedendo de seguido á publicación indicada



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

12.- ROGOS E PREGUNTAS

A Alcaldesa apertura este punto da orde do día e dalle a palabra o concelleiro do BNG D. Xosé Luis Rivas que fai os seguintes rogos e ou preguntas:

a) Pregunta se este ano vaise formar unha brigada municipal para loita contra os incendios, sinala que non é efectiva e que se hai lumes non poderán desbrozar, sinala que vaise aumentar o tempo de traballo e o tempo de risco e que a súa postura e ou rogo é que non.

b) Roga se amañe o bacheo en Pousada Romelas por ser deficiente.

A Alcaldesa indica que nesta semana quedaron contratadas pistas a Hordescón de Romelas á Cabrita.

c) Pregunta por notificacións chegadas a veciños sobre plantacións de eucaliptos en terras agrarias.

d) Pregunta se se fixo algo en faixas secundarias nos núcleos.

e) Roga que considerando que a charla dos lodos foi moi técnica e como se seguen usando e son veneno non se permita polo Concello dito uso.

f) Pregunta en que fase están os arranxos necesarios na Residencia.

g) Pregunta que se fai na aula informática as doce da noite.

Resposta a Alcaldesa que autorizou o uso polos rapaces para xogar cos ordenadores, ordenadores privados.

Roga o concelleiro unha autorización seria. Remata a Alcaldesa sinalando que estarán pendentes. Solicita o concelleiro que conste en acta que non se autorizou no marco da legalidade .

h) Roga que non se faga a comida dos vellos con cartos públicos pregunta a que partida se imputan os gastos, critica que é propaganda do PP a conta do Concello.

i) Roga que se mire polo embargo das fianzas dos madeiros que deixan as pistas moi mal.

Di a Alcaldesa que están pendentes e incluso algún trouxo zahorra para reparar.

j) Pregunta se o Concello vaise suscribir o novo Diario de Galicia. A Alcaldesa resposta que non mirou inda ese tema.

A Alcaldesa reposta a este concelleiro sinalando que: hai plantacións que se fan en forestal en contacto con vivendas illadas e o forestal fixo denuncias iniciando expedientes .

Sobre os lodos resposta que hai normativa específica que regula o tema .

Sobre arranxos na residencia sinala que se fixo expediente con informes de director de obra e técnico e que a empresa virá o luns.

Sobre a comida dos maiores recórdalle a este concelleiro do BNG que o BNG tamén fai estas comidas nalgún dos seus concellos-

Recórdalle o concelleiro a necesaria atención as faixas, e que si se fan este ano o problema e o ano que ven que seguirán igual.

A Alcaldesa recorda a necesidade dun cambio urbanístico en Boimorto para resolver moitos destes problemas.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045
E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es

O concelleiro do BNG roga que as invitacións á comida dos maiores non se repartan por persoal do Concello. A Alcaldesa di que é unha maneira de visitar ós veciños.

Entran nunha discusión entre ambos polo futuro de Boimorto na que o concelleiro pide que conste en acta que segundo a Alcaldesa a baixada da poboación é por culpa de non poder desenvolver o polígono industrial.

A Alcaldesa dálle a palabra á concelleira D^a Raquel Val que fai os seguintes rogos e preguntas:

a) Roga arranxo de camiños como pista de Porcelle a Rodieiros, pista Santarandel a Présaras e pide arranxo en Santarandel con lousas xunto ó lavadoiro levantadas.

b) Roga se de conta das contas de Magreco.

c) Pregunta sobre a ocupación da nova parte da residencia, o que resposta a Alcaldesa que en data de hoxe hai catro usuarios máis e que hai xente que entra xa a principios de mes.

d) Roga se atendan as peticións de axuda no fogar e non haxa lista de espera neste servizo.

e) Pregunta que pasa co albergue

f) Pregunta pola desaparición de rexistros no carril bici.

g) Roga se den subvencións e axudas ás Comisións de Festas. Dille a Alcaldesa que teñen que motivar na solicitude de subvención os fundamentos para que sexan nominativas.

h) Pregunta pola Telleira e se e certo o dun complexo hoteleiro alí.

Resposta a Alcaldesa que:

Que xa vai arranxar os camiños solicitados, e en Santarandel conseguiu non perder unha subvención de mellora que viña do 2014.

Dille que as facturas de Magreco están aprobadas na Xunta de goberno local e recóllense nas actas como as listaxes de usuarios/as de axuda no fogar, ante as preguntas da concelleira do BNG sobre a suficiencia de persoal para cobertura deste servizo, resposta a Alcaldesa que teñen prioridade os dependentes

Sobre o albergue di a Alcaldesa que cedido á Xunta esta dí que aperturará antes de Semana Santa.

Sobre o carril bici di que xa tivo en conta para mercar igual que a malla.

Sobre complexo hoteleiro na Telleira infórmalle que hai un proxecto no Pazo de Vieite desta natureza hoteleira.

A Alcaldesa dálle a palabra á concelleira do PSdG-PSOE D^a Sandra Sánchez que expón os seguintes rogos e preguntas:

a) Roga arranxos na pista de Romelas, Ribadiso da Fraga e Costa da Vila en Rodieiros.

Resposta a Alcaldesa que as ten controladas para arranxo.

b) Roga limpeza finca municipal en Rego do Seixo.

c) Denuncia e roga a solución inmediata da falta de auga potable en Boimorto.

A Alcaldesa dille que todo o traballo realizado e reunións así como análises de control en relación a este problema,

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045
E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es

A concelleira do PSdG-PSOE roga unha boa xestión xa que sanidade pode cerrar locais no Concello.

Explica a Alcaldesa as medidas previstas para solucionar o problema e ter sempre unha correcta medición do cloro.

A Alcaldesa dalle a palabra á concelleira do PSdG-PSOE D^a Ana Ledo que fai os seguintes rogos e ou preguntas:

a) Roga se explique se finalmente o Festival de la Luz é un negocio.

Resposta a Alcaldesa que falta o informe final da Deputación.

b) Pregunta polo proxecto de senda peatonal no Pedral.

Resposta a Alcaldesa que xa avanzou e agora hai que aceptar cesión polos propietarios de terreos para dita obra.

c) Roga subvencións a Asociacións veciñais con importantes actividades.

Resposta a Alcaldesa que o fundamento para a subvención nominativa do Clúbe de Fútbol foi o seu ascenso. Que sempre se axuda con loxística a tódalas asociacións e quen queira cartos que os pida e xustifique motive o outorgamento de subvención nominativa.

A concelleira do PSdG-PSOE roga máis participación das asociacións e aproveitamento das instalacións do clube de fútbol por pequenos e outros interesados.

Remata a concelleira agradecendo a labor da búsqueda do xusto por persoal do Concello que fixo que se recuperase a subvención denegada polo INEGA no seu mandato, di que sendo alcaldesa rexeitou un procedemento ilegal contra o que quería o INEGA polo que perdeu subvención que agora a xustiza fai recuperar a Boimorto. Roga que se rectifique nos medios de comunicación onde se publicou que como alcaldesa perderá unha subvención cando non foi así e remata asegurando que sí que o tempo pon a cada un no seu sitio.

A concelleira do grupo municipal do PSdG_PSOE D^a Ana Ledo roga que se sume o Concello de Boimorto as mobilizacións contra a sentenza da Manada.

O concelleiro do grupo municipal do BNG D. Xosé Luis Rivas roga que se tramite unha protesta formal contra esta sentenza.

Estando todos os concelleiros/as presentes de acordo con elevar unha protesta formal contra dita setenza cuxo texto será incorporado a esta acta " manifestase en nome da veciñanza deste Concello de Boimorto o malestar, alarma e rexeitamento pola sentenza ditada este mesmo día 26 polo tribunal que xulga o caso de violación coñecido como "da Manada ", facendo constar a enérxica repulsa diante do que consideramos unha burla da máis elemental xustiza."

ÁS 21.15 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretaria, dou fe.

Boimorto,

A alcaldesa, MARIA JESUS NOVO GOMEZ	A secretaria, Rebeca Vázquez Vazquez
--	---



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es